



FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

TRABALLO DE FIN DE GRAO
GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Xénero e institución total. O traballo da muller en prisión

Autora: María Pérez Riobó

Titora: Pilar Torrens Calle

Santiago de Compostela

Ano académico 2021/2022 – Oportunidade de SETEMBRO

TRABALLO DE FIN DE GRAO

GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Xénero e institución total. O traballo da muller en prisión

Género e institución total. El trabajo de la mujer en prisión

Gender and total institution. Women's work in prison

Alumna: María Pérez Riobó

Titora: Pilar Torrens Calle

Santiago de Compostela,

Ano académico 2021/2022, oportunidade de SETEMBRO

Índice

1	Introdución.....	1
2	As institucións totais de Goffman	1
2.1	Características das institucións totais	2
2.2	O mundo do interno: mutilacións do eu.....	6
3	Historia das cárceres femininas en España	13
3.1	Casas Galera no Antigo Réxime	13
3.2	Reformismo.....	15
3.3	Segunda República e ditadura franquista	16
3.4	Da transición democrática á actualidade	18
4	Características das mulleres presas.....	19
4.1	Número de mulleres reclusas e centros onde cumpren condena	20
4.2	Idade	21
4.3	Nacionalidade e etnia	22
4.4	Tipoloxía delituosa e situación procesual.....	24
4.5	Maternidade	27
4.6	Mulleres LGTBIQ+	29
4.7	Situación previa no mercado laboral e condicións socioeconómicas.....	30
5	Traballo e reinserción social	32
5.1	Consideracións previas	32
5.1.1	Sociolóxicas.....	32
5.1.2	Xurídicas.....	33
5.2	O traballo nas prisións femininas	35
5.3	A formación profesional nas prisións femininas.....	37
5.4	O traballo despois do encarceramento	38
6	Conclusións.....	41
7	Bibliografía.....	43

RESUMO

Mediante a perspectiva de xénero abordarase a situación das mulleres nos cárceres femininos. Achegarémonos ao concepto de cárcere a través da institución total de Goffman para despois repasar a historia das prisións de mulleres en España. Abordaremos as características das mulleres reclusas na actualidade, a súa idade, nacionalidade e etnia, tipoloxía delituosa e situación procesual; tamén a súa condición de nais ou de pertenza ao colectivo LGTBIQ+. Por último, analizaremos o traballo que levan a cabo en prisión, a formación profesional e que posibilidades lles brindan de reinserción laboral.

Palabras chave: xénero, institución total, cárcere, mulleres, traballo, formación, reinserción social, reinserción laboral.

RESUMEN

Mediante la perspectiva de género se abordará la situación de las mujeres en las cárceles femeninas. Nos acercaremos al concepto de cárcel a través de la institución total de Goffman para después repasar la historia de las prisiones de mujeres en España. Abordaremos las características de las mujeres reclusas en la actualidad, su edad, nacionalidad y etnia, tipología delictuosa y situación procesal; también su condición de madres o de pertenencia al colectivo LGTBIQ+. Por último, analizaremos el trabajo que llevan a cabo en prisión, la formación procesional y que posibilidades de reinserción laborales les brindan.

Palabras clave: género, institución total, cárcel, mujeres, trabajo, formación, reinserción social, reinserción laboral.

ABSTRACT

The situation of women in women's prisons will be approached from a gender perspective. We will approach the concept of prison through Goffman's total institution and then review the history of women's prisons in Spain. We will address the characteristics of women prisoners today, their age, nationality and ethnicity, type of crime and procedural situation; also their condition of mothers or belonging to the LGTBIQ+ collective. Finally, we will analyze the work they carry out in prison, the processional training and the possibilities of labor reinsertion.

Key words: gender, total institution, prison, women, work, training, social reinsertion, labor reinsertion.

1 Introducción

As persoas reclusas conforman un dos grupos sociais esquecidos e marxinados da sociedade. Neste traballo pretendemos evidenciar como esta exclusión afecta especialmente ás mulleres presas debido principalmente á súa condición de mulleres, que as coloca nunha posición subordinada na sociedade patriarcal. Outros factores que inflúen nesta marxinación son: as condicións socioeconómicas previas, a situación familiar, a nacionalidade e a etnia ou a violencia sufrida.

Con este fin analizaremos previamente o concepto de institución total elaborado polo sociólogo Erving Goffman. Na descrición deste termo comprobaremos que as institucións totais en xeral e as prisións en concreto caracterízanse por un énfase totalizador tal que aliena ás persoas reclusas, privándoas de toda individualidade e autonomía persoal. Goffman cualifica estes efectos como mutilacións do eu.

Posteriormente, repasaremos a historia das cárceres femininas en España: dende as Casas Galera do Antigo Réxime ata as cárceres actuais. Neste estudo preséntase como chave o carácter moralizante das prisións femininas e a súa intención de domesticar as mulleres presas. É común a todas ás etapas mencionadas no apartado a instrución claramente feminizada que se imparte ás mulleres: tarefas de limpeza, cociña, costura, artesanía, confección téxtil e, despois, traballo en cadea, peluquería ou estética. Outro factor repetido ao longo da historia consiste nas condicións de habitabilidade dos módulos femininos ou das cárceres enteiramente femininas, sempre inferiores ás dos homes.

Concretando o análise na actualidade, daremos entrada ao coñecemento das características das mulleres reclusas. Centrarémonos na idade, na nacionalidade ou etnia no delito que cometeron e na situación procesual na que se atopan. Tamén investigaremos sobre a maternidade en prisión, sobre a identidade de xénero ou orientación sexual das internas e sobre as circunstancias socioeconómicas e laborais das que partían. Todos estes trazos son factores que incrementan, como veremos, a situación de vulnerabilidade na que as mulleres se atopan en prisión e despois de saír en liberdade, dificultando aínda máis a reinserción social.

A propósito da reinserción social, no epígrafe número cinco do traballo queremos reflectir a precariedade que impregna toda a vida laboral das mulleres presas. A súa situación previa no mercado laboral, non mellora despois de cumprir condena, pois nos centros penitenciarios non se aportan as ferramentas necesarias para unha adecuada

reinserción laboral. De novo esta circunstancia está atravesada polo xénero: os obradoiros produtivos e a formación proporcionada ás mulleres reclusas reproduce o papel doméstico e privado que ocupa a muller tradicionalmente na sociedade. Ademais as presas non reciben información sobre como introducirse no mundo laboral, polo que a reinserción laboral dificilmente é alcanzable.

2 As institucións totais de Goffman

Para falar sobre centros penitenciarios dende unha perspectiva sociolóxica resulta imperativo mencionar a Erving Goffman. Neste epígrafe farase un breve resumo e reflexión sobre a súa obra *Internados*, na que elabora o concepto de “institución total”, describindo minuciosamente a súa interacción coa concepción do eu do individuo. Unha vez contextualizada a institución total pasaremos ao tratamento, o papel e a situación das mulleres nas institucións totais, concretamente nos cárceres femininos españois.

Erving Goffman considérase un dos sociólogos máis influentes do século XX. Dedicou o seu estudo ás unidades de interacción mínimas entre grupos reducidos de persoas. Por dar este enfoque á socioloxía foi considerado o pai da microsocioloxía.

Na súa obra *Internados*, acuña o termo institución total para englobar os centros que define como: “lugares de residencia e traballo, onde un gran número de individuos en igual situación, illados da sociedade por un período considerable de tempo, comparten no seu encerro unha rutina diaria, administrada formalmente”¹. Esta obra contén catro ensaios dirixidos a analizar o influxo da institución total na estrutura sociolóxica do eu. Será obxecto de análise o primeiro deles, “Sobre las características de las instituciones totales”, prestando especial atención ao capítulo “El mundo del interno”.

2.1 Características das institucións totais

O trazo chave das institucións totais, é o énfase absorbente e totalizador destas. As institucións totais absorben o tempo, o espazo e o interese dos internos. Esta tendencia materialízase a través de obstáculos físicos, naturais ou artificiais, entre os internos e o mundo exterior: portas, murallas, enreixados, arames, ou bosques, ríos, cantís, lagoas...

Goffman clasifica as institucións totais en cinco grupos utilizando o criterio da finalidade social á que obedecen:

¹ GOFFMAN, Erving (2007). *Internados*, Amorrortu, Buneos Aires, páx. 13.

- Fogares para indixentes, nenos orfos ou anciáns: persoas inofensivas necesitadas de coidados que a institución total tratará de proporcionarlles.
- Hospitais psiquiátricos e “leprosarios”: lugares que acollen a persoas que supoñen unha ameaza involuntaria para a sociedade.
- Cárceres, presidios ou campos de concentración e de traballo: estes centros protexen á comunidade daqueles que supoñen un perigo intencionado para a sociedade.
- Cuarteis, barcos, escolas de internos ou casas señoriais: destinadas ao mellor cumprimento de obrigas de carácter laboral.
- Abadías, mosteiros e conventos: lugares concibidos coma un refuxio dedicados á espiritualidade e a vida relixiosa.

Sobre estas categorías resulta de interese facer varias apreciacións. En primeiro lugar, preséntase como evidente que responde a un contexto e unha época determinada, pois utiliza termos actualmente en desuso, como fogares de indixentes, casas señoriais ou campos de concentración (entendido que o autor refírese aos campos de exterminio nazis). Por outra banda, tamén menciona institucións que actualmente non existen como tal, como pode ser un leprosario.

En segundo lugar, cobra especial importancia unha apreciación do autor sobre os cárceres, presidios e campos de concentración e de traballo. Explica que nestes lugares, “non se propón como finalidade inmediata o benestar dos reclusos”². Esta idea contrasta coa concepción actual dos centros penais e paga a pena facer unha paréntese na obra de Goffman para deterse nela.

De feito, dende o seu nacemento, a prisión considérase unha institución para o castigo caracterizada por un “proxecto normalizador”³. A súa finalidade é, dende a súa orixe, a corrección do criminal para que non cometa delitos no futuro. A canle para materializar este obxectivo consiste en modelar a vida do interno para posibilitar a “resocialización”⁴.

Dada esta finalidade abertamente consensuada das prisións, resulta rechamante a afirmación de Goffman respecto a que os cárceres non teñen como obxectivo directo o benestar dos reclusos, que se ben é certo, parece difícil de encaixar co propósito de resocializar aos presos.

² GOFFMAN, Erving (2007). *op. cit.* p. 18.

³ BARUKEL, Guillermina, (2018). “Vías de retorno. Exploraciones sociológicas sobre los efectos del encarcelamiento en la vida en libertad y el reingreso en prisión”, *Delito y sociedad* 45, páx. 95.

⁴ *Íbidem.*

Non obstante, este proxecto normalizador, disciplinario ou correccional da prisión foi criticado e sinalado polo seu fracaso dende a súa concepción⁵.

Volvendo ás características das institucións totais, o trazo totalizador apreciase no feito de que os internos realizan as todas as tarefas fundamentais da vida nun mesmo lugar. Goffman entende estas tarefas como tres: durmir, xogar e traballar. Ordinariamente, os individuos realizan estas actividades en sitios diferentes. Nunha institución total os internos traballan, dormen, e ocupan o seu tempo de ocio no mesmo sitio, sendo vixiados por unha autoridade e na compañía inmediata dos demais internos. Ademais, a organización destas funcións non depende dos individuos, senón que veñen programadas por un sistema de normas formais e burocráticas e un corpo de funcionarios, alleos á vontade dos internos.

Nas institucións totais a escisión entre internos e persoal traballador é clave. Estes últimos non viven na institución e están integrados no mundo exterior, de modo que cumpren coa súa xornada laboral e abandonan o lugar, realizando as actividades de ocio e descanso fóra. A comunicación entre ambos grupos restrínxese aos plans que elaborou o persoal con respecto aos internos. Estas restricións colaboran á perpetuación dos estereotipos que cada un ten do outro, formando pouco a pouco mundos distintos e antagónicos.

Antes referímonos a que os internos non deciden sobre como administrar ou organizar o seu tempo de traballo ou ocio. Así ben, ordinariamente, un individuo pode decidir como gastar o seu diñeiro, canto traballar e baixo que autoridade se somete para gañalo. Non obstante, para un interno, as necesidades esenciais da vida veñen predeterminadas e programadas, de modo que o incentivo normal para traballar desaparece. Ademais, os traballos dentro das institucións totais en xeral e nos cárceres en particular consisten xeralmente en tarefas insignificantes carentes de sentido ou función, de modo que os internos non encontran unha motivación para realizalos. Por outra banda os pagos son mínimos, case simbólicos. Deste modo “o sentido do eu e o sentido da posesión do interno poden chegar a alienarse da súa capacidade de traballo”⁶.

Estes factores derivan, de acordo con Goffman, en que os internos estean desmoralizados polo sistema do traballo na institución total e que, en definitiva as institucións totais sexan incompatibles coa estrutura básica do traballo. Esta afirmación é de especial relevancia en relación co tema tratado no presente traballo e máis adiante poderemos comprobar se actualmente a organización do traballo nos cárceres de

⁵ *Íbidem.*

⁶ GOFFMAN, Erving (2007), *op. cit.*, páx. 24

mulleres e igualmente ineficiente en comparación coa estrutura do traballo que concibimos no mundo exterior.

Outra expresión do carácter totalizador das institucións totais é a incompatibilidade coa familia. Polas barreiras físicas que separan aos internos do mundo exterior, estes atópanse illados do seu núcleo familiar. Normalmente o tempo de encontro ou visitas están prohibidas ou vense reducidas e de novo, institucionalmente organizadas e programadas dentro das instalacións da institución. Do mesmo modo, o feito de que o persoal poida saír e desenrolar a súa vida familiar fóra da institución total permítelles manterse integrados no mundo exterior.

Apunta Goffman que as familias conforman “unha garantía estrutural de resistencia permanente contra as institucións totais”⁷, no sentido de que a institución total exerce unha forza sobre o interno e sobre toda a sociedade que máis forte será canto máis mingüe a relación dos individuos coa súa familia, alcanzando así o epítome da súa razón totalizadora.

Esta transformación dos vínculos familiares débese a un distanciamento emocional, á reconfiguración das relacións partindo de novos sentimentos como a culpa ou a responsabilidade e as novas demandas e expectativas da familia sobre como os internos deben desenrolar a súa vida ao rematar o encerro⁸.

Esta ruptura coa familia á hora de ingresar nunha institución total ten especial relevancia cando as internas son mulleres, dado o seu papel central de coidadoras na familia. Sobre todo no caso da maternidade, existen numerosos estudos dedicados a analizar esta situación e como afecta aos vínculos familiares.

Dada a identificación histórica da identidade feminina coa función reprodutora, incluso hoxe en día, moitas mulleres son xulgadas socialmente como mulleres pouco femininas, ambiciosas ou egoístas se abandonan ou mesmo se non cumpren nunca co seu rol de nais⁹. O sentir xeral das mulleres presas que foron separadas dos seus fillos como consecuencia do ingreso en prisión, é referido á frustración por non poder realizar a súa tarefa como boas nais, chegando incluso a sentir que non son plenamente mulleres¹⁰. As condicións das mulleres nais no cárcere será obxecto de estudo posteriormente.

⁷ GOFFMAN, Erving (2007), *op. cit.*, páx. 25.

⁸ BARUKEL, Guillermina (2018), *op. cit.* páx. 114.

⁹ IGAREDA GONZÁLEZ, Noelia (2009). “La maternidad de las mujeres presas” en NICOLÁS LAZO, Gema e BODELÓN GONZÁLEZ, Encarna (comp.), *Género y dominación: críticas feministas del derecho y el poder*, páx. 179.

¹⁰ *Íbidem*.

2.2 O mundo do interno: mutilacións do eu

Unha vez perfiladas as características xerais da institución total, Goffman describe o mundo do interno.

O interno chega á institución total cunha “cultura de presentación”¹¹, configurada como un estilo de vida, unha organización das súas actividades, unha rutina persoal que “confirma unha concepción tolerable do eu”¹². Se a estancia é longa, pode suceder unha “desculturización”¹³, unha incapacitación do individuo para volver a afrontarse aos aspectos da vida denantes cotiáns.

Deste modo, o interno conta cunha concepción de si mesmo da que se verá privado nada máis ingresar na institución total. Goffman refírese a este proceso como “mortificación do eu” ou “mutilación do eu”¹⁴, consistente na ruptura dos roles que ordinariamente o individuo ven realizando. Ordinariamente o individuo programa diariamente a sucesión de roles na súa rutina; o ingreso na institución total rompe con esa programación e impide que se leve a cabo de maneira prolongada no tempo.

Pode suceder que despois de abandonar a institución total o individuo recupere algún destes roles. Non obstante, asemella unha tarefa difícil, pois moitos deles están ligados a determinadas etapas da vida ou determinados contextos, como pode ser o rol de estudante, de parella ou de pai de nenos pequenos, que se escapan co paso do tempo. Tamén é común que o rol de traballador pérdase durante o a estancia na institución total, especialmente nos cárceres, pois como veremos posteriormente, as persoas que pasaron por unha pena privativa de liberdade atoparanse despois de cumprir condena con oportunidades laborais moi reducidas, e se xa tiñan encamiñada unha carreira profesional, esta será interrompida polo ingreso, sen posibilidades ou con moi poucas de reinserción no seu posto de traballo. Nesta liña, explica Barukel que acceso ao mundo do traballo é reducido para os presos que saen da prisión¹⁵. Consecuentemente, o encarceramento reduce as posibilidades de lograr unha estabilidade económica, se ben é certo que gran parte dos internos antes do seu ingreso en prisión xa non contaban con experiencias estables. Aínda así, o estancia en prisión reforzará a perda de posibilidades de acadar esta estabilidade económica.

¹¹ GOFFMAN, Erving (2007), *op. cit.*, páx. 25.

¹² GOFFMAN, Erving (2007), *op. cit.*, páx. 26.

¹³ *Ibidem*.

¹⁴ GOFFMAN, Erving (2007), *op. cit.*, páx. 28.

¹⁵ BARUKEL, Guillermina (2018), *op. cit.* páx. 104.

Os procedementos de admisión supoñen outra manifestación da mutilación do eu. A través deles, o persoal, guiado polo conxunto de normas administrativas que rexen a institución, prepara aos internos para a vida dentro: instrúen sobre as obrigas que deben cumprir e son desposuídos de toda propiedade. Goffman menciona neste rito de iniciación a costume de poñer alcumes, maioritariamente pexorativos, aos internos como unha significativa mutilación do eu en canto a perda do propio nome.

En relación ao conxunto de propiedades das que son privados os internos, destacan todas aquelas que serven para que este poida manter a súa aparencia habitual: produtos de hixiene persoal, maquillaxe ou varias mudas de roupa. Este equipamento persoal será substituído por un proporcionado pola institución, igual para todos os internos, uniforme e de carácter impersoal; habitualmente terá marcas distintivas da institución para recordar de quen son propiedade realmente¹⁶. Para exemplificar o impacto que produce esta substitución nos internos nomea por primeira vez ás mulleres como suxeito de estudo, utilizando un informe sobre prostitutas detidas e cita o seguinte fragmento:

“(…) Non hai espectáculo máis triste que o de algunhas presas gordas, que fora conseguiran presentar polo menos unha aparencia decente, ao afrontarse á primeira imaxe de si mesmas vestidas co uniforme da casa”¹⁷

Gustaríame determe a apreciar a misoxinia e, por que non dicilo, gordofobia que destila este parágrafo, aínda coñecendo que non e máis que produto dunha época determinada.

As referencias que fai Goffamn no seu estudo ás mulleres internas son extremadamente escasas e serven unicamente para ilustrar a súa maior vulnerabilidade ante as mutilacións do eu. Esta concepción reflicte os estereotipos de xénero segundo os cales: as mulleres son mentalmente mais débiles que os homes e as mulleres coidan máis a súa aparencia física que os homes. Se ben é certo que polo xeral, e con moitas excepcións, as mulleres incidimos máis no noso aspecto físico este feito non é nada máis que un produto do patriarcado e do capitalismo que quere ás mulleres sempre desexables para os homes, inculcando uns estándares de beleza inalcanzables para incitarnos ao consumo permanente.

Por outra banda, persoalmente, ocórrenseme “espectáculos máis tristes” que unha muller gorda mirándose vestida de uniforme. Seguramente esa muller coñece

¹⁶ GOFFMAN, Erving (2007), *op. cit.*, páx. 31.

¹⁷ HARRIS, Sara e MURTAGH, John M. (1958), *Casta in the First Stone*, Pocket Books, Nueva York, páxs. 239 – 240.

perfectamente a súa condición de gorda. Triste parécelle a quen observa ou narra esa escena completamente convencido de que os corpos das mulleres teñen que agradarlle, e se non agradan, son tristes. No informe pon que esas mulleres conseguiran manter unha aparencia decente. Como si a nosa aparencia fose un logro, algo que temos que perseguir. E decente, deixando ver que estar gorda é sinónimo de non ter decencia, honradez ou respecto.

Quizás é un espectáculo máis lamentable comprobar que as condicións de vida nos cárceres femininos son peores que nos cárceres de homes.

A medida que avance o traballo verificaremos como efectivamente as institucións totais e o seu estudo non son alleas á discriminación por razón de xénero e como esta discriminación é sempre en detrimento das mulleres.

Volvendo a Goffman, este describe outras mortificacións do eu habituais da época como a mutilación do corpo ou os castigos físicos, afirmando que o a institución total é un lugar “onde non se garante a súa (dos internos) integridade física”¹⁸. Actualmente e nun contexto occidental podemos pensar que a violencia nas institucións penitenciarias non é máis que unha físgoa dun tempo pasado e escuro froito dos conflitos bélicos. Poderíamos dicir incluso que a integridade física é un dereito fundamental ou un dereito humano consagrado en todos os ordenamentos xurídicos europeos, de modo que resultaría difícil concibir que hoxe en día se realicen mutilacións ou desfiguracións do corpo en institucións totais ou en calquera institución sen que se cometa unha flagrante violación dos dereitos humanos.

Nada máis lonxe da realidade, a violencia entre presos e funcionarios é un problema fundamental en todos os sistemas penitenciarios do mundo¹⁹, indicando un informe das condicións de prisións europeas, que un 25% dos presos sofre violencia física²⁰.

Outra mortificación do eu supón a “exposición contaminadora”²¹, consistente en violar os límites persoais que o individuo trazou entre o seu ser e o medio ambiente, profanando as encarnacións do eu²². Exemplos destes límites poden ser o corpo, os actos inmediatos os pensamentos ou as pertenzas propias.

Viólase a intimidade do preso nun primeiro momento, rexistrando o seu pasado: no momento de ingreso na institución total o persoal saberá por que ingresou, cales eran

¹⁸ GOFFMAN, Erving (2007), *op. cit.*, páx. 33.

¹⁹ SÁNCHEZ DE RIBERA, Olga e TRAJTENBERG, Nicolás (2019). “Violencia en instituciones penitenciarias. Definición, medición y explicación del fenómeno”, *Revista de Ciencias Sociales*, vol. 32, núm. 45, páx. 148.

²⁰ *Íbidem*.

²¹ GOFFMAN, Erving, (2007). *op. cit.*, páx. 35.

²² *Íbidem*.

as conductas pasadas do individuo, cal era a súa ocupación... Ademais, o interno case nunca terá momentos para estar solo, sempre haberá alguén vixiando o seu comportamento ou simplemente acompañándoo, podendo velo e escoitalo. Cando teña dereito ás visitas, raramente serán en privado; o máis común e que se realicen en salas grandes, nos que hai máis internos e persoal vixiando.

A contaminación física tamén pode resultar de alimentarse con comida que non desexan, ou incluso comida en mal estado. Nos hospitais psiquiátricos os internos están obrigados a inxerir medicamentos de maneira totalmente allea a súa vontade.

Finalmente, Goffman enumera outras mortificacións do eu producidas basicamente a través de actos violentos e humillantes realizados incluso entre os propios internos por orde do persoal.

Despois de describir as mortificacións do eu, Goffman explica outro fenómeno, tamén consecuencia da mortificación do eu pero quizás mais sutil: “a ruptura da relación habitual entre o individuo actor e os seus actos”²³.

O primeira ruptura cos propios actos é o que Goffman nomeou “looping”²⁴, situación dada cando un estímulo orixina unha reacción defensiva por parte do interno e esa mesma reacción ten como consecuencia un ataque inminente; deste modo o individuo comproba que a súa reacción defensiva perde a razón de ser, non vale para defenderse. Isto non ocorre na sociedade civil, a saber: un individuo acepta ordes que aldraxan a súa concepción do eu pero ten unha marxe de expresión reactiva. Tales expresións poden ser maldicir, falar con escarnio ou con ironía. Non obstante, estas reaccións na institución total poden ser restrinxidas a través dunha sanción. Por exemplo, actualmente o Regulamento Penitenciario aprobado polo Real Decreto 1201/1981, de 8 de maio tipifica nos seus artigos 108 e 109 as calumnias, injurias ou faltas de respecto contra os funcionarios como faltas leves ou graves.

O segundo ataque contra “o status do interno como actor”²⁵ refírese a supresión da relativa arbitrariedade da que goza o individuo na sociedade civil. É dicir, o individuo, acadada a idade adulta asimilou estándares socialmente aceptables para poder desempeñar case todas as súas actividades e, dentro destes estándares, pode proceder discrecionalmente. Pode programar as súas actividades para aproveitálas mellor, nunha sorte de “economía persoal dos propios actos”²⁶. Non obstante, nunha institución total o persoal pode someter a regulamentos e xuízos pequenos segmentos da liña de acción

²³ GOFFMAN, Erving (2007), *op.cit.* páx. 46

²⁴ *Íbidem*

²⁵ GOFFMAN, Erving (2007), *op.cit.* páx. 48.

²⁶ *Íbidem*.

dunha persoa. Con esta especificación viólase completamente a autonomía mesma do acto, pois se priva ao individuo da oportunidade de equilibrar as súas necesidades e obxectivos dunha forma que persoalmente resulte eficiente.

Para facer efectiva esta supresión da economía persoal dos actos, se obriga aos internos a pedir permiso para realizar actividades menores que calquera pode cumprir pola súa conta. Esta obrigación somete ao interno a un rol de sometemento e invalidez pouco habitual na sociedade civil.

Todas estas regras que someten a conducta, os comportamentos e os modais dos internos teñen dúas características: adoitan conectarse coa obriga de realizalas actividades ao unísono, é o que se chama “regulamentación”²⁷; e estas regras nacen nun sistema autoritario, de tipo xerárquico. Dadas estas características, Goffman destaca que “os internos viven atormentados pola ansiedade crónica de quebrantar as regras e sufrir a consecuencia inevitable”²⁸.

Os procesos de mortificación, poden polo tanto resumirse nos seguintes aspectos:

- A institución total viola todos aqueles actos que na sociedade civil permiten ao individuo percibir que ten dominio sobre o seu mundo: que é unha persoa autónoma, que goza de autodeterminación e liberdade de acción.
- A xustificación lóxica coa que intentan escusarse as agresións do eu. Estas xustificacións teñen a súa orixe nos esforzos para manexar a actividade diaria dun gran número de persoas nun espazo reducido co gasto mínimo de recursos posible.
- A relación entre este marco de referencia e o modo de referencia psicofisiolóxico convencional, centrado no concepto de tensión. É dicir, aínda que os procesos cognitivos involucrados poden variar, xa que os individuos interpretan os ordenamentos sociais de maneiras diferentes, a mortificación do eu probablemente implica unha alta tensión psíquica para o individuo.

Á vez que se produce o proceso de mortificación no interno, este comeza a recibir instrución tanto formal como informal sobre o “sistema de privilexios”²⁹. Esta asimilación dos usos, costumes, tradicións e xestos da prisión coñécese como “prisonalización”. A prisonalización defínese como: “o proceso polo que unha persoa, por consecuencia

²⁷ Na versión traducida a castelán: regimentación.

²⁸ GOFFMAN, Erving (2007), *op.cit.* páx. 52.

²⁹ GOFFMAN, Erving (2007), *op.cit.* páx. 58.

directa da súa estancia no cárcere, asume, sen ser consciente, o código de conducta e de valores que dan contido á subcultura carceraria”³⁰.

O sistema de privilexios supón un marco de referencia para a reorganización persoal cuxos elementos esenciais son: un conxunto de normas sobre a rutina diaria do interno, as recompensas e privilexios concedidos a cambio de obediencia e os castigos consistentes na supresión temporal dos privilexios ou dereitos conquistados.

O sistema de privilexios caracterízase por que os castigos e privilexios son en si mesmos modos de organización nas institucións totais, porque a liberdade futura se elabora dentro do sistema de privilexios, no sentido de que certos actos prolongan a estancia na institución total. Tamén porque os castigos e privilexios chegan a estruturarse nun sistema de tarefas internas.

Co sistema de privilexios convive un sistema de “axustes secundarios”³¹, definido como certas prácticas que permiten aos internos obter satisfaccións prohibidas sen desafiar directamente ao persoal. Estes axustes permiten aos internos conservar certo control sobre o seu entorno.

Aínda que o sistema de referencia para os presos sexa o sistema de privilexios, existen outros factores típicos dirixidos á reconstrución do eu, a saber: o alivio das responsabilidades económicas e sociais e os procesos de confraternidade. Neste último elemento destaca Goffman a “tendencia á solidariedade”³² que mostran os internos. Isto é, o impulso cara á simpatía e a comunicación recíproca.

O sistema de privilexios e a mortificación do eu preséntanse como circunstancias ás que o interno debe adaptarse, Goffman identifica catro posibilidades distintas de adaptación que poden darse en diferentes momentos da estancia na institución total ou nun mesmo momento simultaneamente:

- A “regresión situacional”³³, na que o interno retira a súa atención de todo canto non está ligado directamente co seu corpo. No ámbito da prisión materialízase nun retroceso á vida vexetativa.
- A “liña intransixente”³⁴, na que o individuo négase a colaborar co persoal. É típica nunha fase inicial do internamento.

³⁰ VERA ECHEVERRI, Jaime Alberto (2010), “La prisionalización, sus efectos psicológicos y su evaluación”, *Pensando Psicología, Revista de la Facultad de Psicología Universidad Cooperativa de Colombia*, vol. 6, núm. 11, páx. 158.

³¹ GOFFMAN, Erving (2007), *op.cit.* páx. 63.

³² GOFFMAN, Erving (2007), *op.cit.* páx. 63.

³³ GOFFMAN, Erving (2007), *op.cit.* páx. 70.

³⁴ *Íbidem*.

- A “colonización”³⁵, caracterizada pola circunstancia de que o interno elabora unha vida relativamente satisfactoria, tendo en conta as limitacións dentro da institución. Neste caso a tensión entre a experiencia no mundo exterior e a experiencia na institución total redúcese.
- A “conversión”³⁶, definida como situación na que o interno asume a visión que o persoal ten del e actúa consecuentemente como pupilo.

Cada táctica consiste nunha estratexia do interno para conseguir dominar a tensión entre o mundo habitual e o institucional, se ben é certo que segundo a experiencia de Goffman, os internos non parecen executalas durante moito tempo.

A cultura do interno vese atravesada por dous elementos centrais: o egoísmo e a sentimento de tempo perdido.

O egoísmo aparece cando a situación de inferioridade que ocupa o interno respecto á que ocupaba fora, crea un ambiente de depresión no que o individuo comeza a falar de si mesmo con máis frecuencia coa que o facía fora.

O sentimento de perda do tempo desemboca nunha sensación de esterilidade absoluta, provocada tamén polas desconexións sociais causadas polo ingreso, así como pola incapacidade para adquirir na institución total beneficios transferibles á vida fora. A carga provocada polo tempo morto explica o valor concedido ás actividades de distracción posibles nas institucións totais, tales como o deporte, o cinema, a lectura ou os obradoiros manuais.

Para o broche final á presentación sobre o mundo do interno, Goffman fala dos procesos de volta a sociedade civil tras a estancia na institución total. Se ben é certo que os internos farán plans para cando recuperen a liberdade, cando se aproxima a data crece a ansiedade en moitos deles. A pregunta habitual é: “poderei amañarme aí fora?”, e normalmente a resposta resulta desmoralizante.

Segundo declaracións oficiais, e tamén de acordo co propósito actual dalgunhas institucións totais (como as prisións), estas teñen como cometido a rehabilitación dos internos, non obstante este poucas veces é acadado.

Concretamente no caso das prisións, e dende un punto de vista do tratamento penitenciario, explica Valderrama Bares³⁷, que os dous fundamentos destas institucións

³⁵ GOFFMAN, Erving (2007), *op.cit.* páx. 71.

³⁶ GOFFMAN, Erving (2007), *op.cit.* páx. 72.

³⁷ VALDERRAMA BARES, Pedro, (2012). “La micropolítica de la función reeducadora en prisión”, *Revista de Educación*, 360, páxs. 74 - 75.

son: un xurídico-económico e outro técnico-disciplinario. Neste último está comprendido o obxectivo de transformar aos individuos para reformalos.

Cando saia da institución total, o interno comprobará que a súa posición social non volverá a ser nunca a mesma que a anterior ao ingreso. Goffman fala neste sentido dun “estigma”³⁸, termo acuñado por este mesmo autor na súa obra *Estigma: la identidad deteriorada* no ano 1963. Ademais da estigmatización, prodúcese unha “desculturación”³⁹, é dicir, a perda da capacidade para adquirir hábitos requiridos pola sociedade.

Todas estas características das institucións totais e particularmente das prisións, a saber: a alienación dos internos, a escisión co mundo exterior, a incompatibilidade coa vida familiar, a desculturización, as mutilacións do eu e a ruptura entre o actor e os seus actos; levaron a autores posteriores a Goffman, como Bolaños e Crespo⁴⁰, a afirmar que as penas privativas de liberdade producen unha dobre penalización consistente no cumprimento da pena formal e un castigo informal correspondente á mortificación do eu. Así, “a prisión converteuse nun castigo en si mesmo e non nun lugar para castigar”, sendo a pena a propia experiencia vivida no cárcere e non os anos de privación de liberdade.

3 Historia dos cárceres femininos en España

Antes de profundar no análise dos cárceres para mulleres e as súas carencias na actualidade, faremos un repaso pala orixe e a historia destes centros en España. Así poderase entender mellor como influíu a historia na filosofía que as rexe actualmente. Os estudos tomados de referencia para elaborar este apartado son fundamentalmente obra de Yagüe Olmos⁴¹ e Almeda⁴², quen es aportaron unha visión crítica e exhaustiva deste tema tan abandonado.

3.1 Casas Galera no Antigo Réxime

Os motivos para manter as mulleres separadas dos homes nos centros penitenciarios eran fundamentalmente morais durante o Antigo Réxime. Non obstante, polo coste que

³⁸ GOFFMAN, Erving, (2007), *op.cit.* páx. 81.

³⁹ *Íbidem.*

⁴⁰ BOLAÑOS G., Mireya e CRESPO P., Freddy A. (2009). “Código del preso: acerca de los efectos de la subcultura del prisionero”, *Capítulo Criminológico*, vol. 37, núm. 2, páxs. 67 – 68.

⁴¹ YAGÜE OLMOS, Concepción (2007). *Madres en prisión. Historia de las Cárceles de Mujeres a través de su vertiente maternal*, Editorial Comares, Granada

⁴² ALMEDA, Elisabet (2005). “Pasado y presente de las cárceles femeninas en España”, *Sociológica*, vol. 6; e (2002), *Corregir y castigar. El ayer y hoy de las cárceles de mujeres*, Edicións Bellaterra, Barcelona,

supoñía a construción de edificios, en moitas ocasións resultaba imposible cumprir esta finalidade e as mulleres recluíanse en pequenos espazos dentro dos establecementos para homes.

Aínda así a comezos do século XVII constitúense as primeiras Casas Galera, promovidas por sor Magdalena de San Xerónimo e instauradas por Felipe III. As Casas Galera foron o primeiro antecedente de cárceres femininos e erixíanse en contraposta ao castigo masculino consistente en remar nas galeras do Rei. O tratado de Sor Magdalena foi tamén o primeiro precedente de regulación das institucións penitenciarias femininas, pois estruturábase coma un auténtico regulamento penitenciario.

A finalidade principal destas casas era a prevención social, pois trataba de retirar das rúas a mulleres vagabundas, deshonestas, pobres finxidas, blasfemas, ladroas e alcahuetas⁴³. De acordo con Almeda, a “pretensión consistía en corrixir as conductas femininas moralmente reprobables”⁴⁴. Dada a súa orientación moralizante, procuraba cambiar a natureza destas mulleres de “pecaminosas” a “virtuosas”⁴⁵ e, cunha perspectiva novidosa para a época, reorientalas a través do ensino de oficios socialmente aceptados como podían ser ensinanzas relixiosas e tarefas dedicadas a servir. Pola contra, a pena que se aplicaba aos homes era o castigo físico en moitas variantes, cuxa finalidade distaba moito da rexeneración ou rehabilitación do individuo⁴⁶.

A primeira Casa Galera instaurouse en Valladolid, e sucesivamente en Madrid, Zaragoza, Salamanca, Barcelona, Valencia e Granada. Paralelamente ás Galeras desenroláronse outras estruturas cuxa función e mantemento corría por iniciativa privada:

- Casas de Recollida: recollían mulleres pecadoras, enfermas e desvalidas.
- Reclusorios: para mulleres xoves que cometeran delitos menores.
- Casas das Arrepentidas: acoller prostitutas despois de que cumprisen condena.
- Departamentos de Reservadas: manter e coidar a mulleres embarazadas.
- Casas de Misericordia: procuraban solucionar o problema de apartar das rúas a pobres e vagabundas. Cobraron moita importancia e respondían a finalidades

⁴³ BARBEITO, Isabel (Ed.) (1991), *Cárceles y mujeres en el siglo XVII*, Editorial Castalia, Madrid, páxs. 7 – 34.

⁴⁴ ALMEDA, Elisabet (2005), *op. cit.* páx. 78.

⁴⁵ *Ibidem*.

⁴⁶ CERCÓS I RAICHS, Raquel (2009), “Las influencias krausistas en el pensamiento de Concepción Arenal y Victoria Kent: la lucha por la reforma de las prisiones femeninas”, en *El largo camino hacia una educación inclusiva: la educación especial y social del siglo XIX a nuestros días: XV Coloquio de Historia de la Educación*, Pamplona-Iruñea, 29, 30 de junio y 1 de julio de 2009. Universidad Pública de Navarra, páxs. 57 – 68.

asistenciais, punitivas, económicas e políticas. Nelas realizábanse tarefas como aprender oficios, traballar na manufactura e especialmente as mulleres, tarefas de servizo.

Durante o Antigo Réxime por tanto, pódese dicir que, mentres que o castigo para os homes era físico ou corporal, para as mulleres consistía nun castigo moral ou espiritual, tendente á corrección da conduta⁴⁷.

Segundo Almeda, por tanto, aínda que o obxectivo de corrixir aos reclusos nos cárceres non xorde ata o século XVIII, os ideólogos dos primeiros presidios de mulleres xa procuraban este fin.

3.2 Reformismo

A finais do século XVIII, as prisións pasan a entenderse como lugares nos que cumprir a pena e o eixe central do sistema punitivo. Cerezo Dominguez⁴⁸ explica que este cambio de perspectiva responde a distintas razóns. En primeiro lugar, pola influencia das ideas da ilustración, que mostran reticencia ás execucións públicas e avogan por unha pena proporcional ao delito. En segundo lugar, pola transformación socioeconómica e o aumento considerable da poboación. Un terceiro motivo baséase na creación do Estado moderno, capaz de organizar institucións penitenciarias dirixidas exclusivamente ao castigo dos delincuentes. E finalmente, por axustarse as prisións aos ideais de disciplina e distribución do espazo e do tempo.

Malia este cambio de perspectiva, Almeda insiste en que os cárceres de mulleres dos séculos XVII e XVIII non distan tanto desta nova concepción dos presidios característica do século XIX.

O primeiro Código penal de 1822 recolle as Casas de Corrección como a pena que debía aplicarse a mulleres e menores de idade e o Código penal de 1848 fai referencia de novo a esta mesma institución. En 1847 promúlgase o Regulamento das Casas de Corrección de Mulleres do Reino, como primeira normativa unificada para todas as Galeras femininas. De modo que, esta é a denominación que reciben a mediados do século XIX os correccionais para mulleres, aínda que o seu propósito non dista das institucións mencionadas anteriormente: o obxectivo e fundamentalmente correccional

⁴⁷ BALLESTEROS PENA, Ana (2017), "Redomesticidad y encarcelamiento femenino en el sistema penitenciario español. Los Módulos de Respeto", *Papers. Revista de Sociología*, vol. 102, núm. 2, páx. 270.

⁴⁸ CEREZO DOMÍNGUEZ, Ana Isabel (2007), "Orígen y evolución histórica de la prisión", en CEREZO DOMÍNGUEZ, Ana Isabel e GARCÍA ESPAÑA, Elisa (Coords.), *La prisión en España. Una perspectiva criminológica*, Editorial Comares, Granada, páx. 6.

e a moral atópase tremendamente presente a través da obriga das presas de rezar continuamente e arrepentirse da súa conduta.

Durante esta etapa reformista é tremendamente influínte a figura de Concepción Arenal, destacada penalista, socióloga, historiadora e filósofa galega, foi nomeada Visitadora Xeral das prisións de mulleres do Reino en Galicia no ano 1863, cargo no que durou dous anos⁴⁹. Posteriormente, en 1868 acadou o posto de Inspectora das Casas de Corrección de Mulleres, que duraría catro anos⁵⁰.

Considérase que Concepción Arenal deixaba ver nos seus ensaios o xerme do pensamento feminista, pois reivindicaba para as mulleres un trato penitenciario igual que o profesado aos homes, así como o ensino nestas institucións de oficios que posibilitasen a emancipación da muller. Preocupada tamén pola situación dos nenos nos cárceres de mulleres, conseguiu que as “Sociedades de Señoras” socorresen ás penadas e aos seus fillos a través de escritos como: “A las señoras de Alcalá” en 1873 ou “Los hijos de las penadas de Alcalá de Henares”⁵¹. Non obstante, a célebre xurista sabía que os actos benéficos non eran suficientes para mellorar a penosa situación das mulleres nos presidios.

Por primeira vez, a *Compilación de 5 de mayo de 1913, Real Decreto de Organización Personal de Prisiones y Régimen de funcionamiento de éstas*, inclúe na súa clasificación a Prisión Central de Mulleres de Alcalá de Henares e fai referencia a pequenos departamentos para mulleres que estean en situación de prisión preventiva nos demais centros penitenciarios, salvo en Valencia e Barcelona, cidades que contaban con prisións propias para mulleres.

3.3 Segunda República e ditadura franquista

Durante a Segunda República a figura de Victoria Kent foi fundamental na materia penitenciaria. Kent foi a segunda a avogada muller en colexiarse en España e unha das tres primeiras mulleres deputadas no Congreso durante a Segunda República. Foi nomeada Directora Xeral de Prisións en 1931 e no ano que durou o seu cargo levou a cabo unha intensa tarefa de reforma do sistema penitenciario⁵².

⁴⁹ GARCÍA RUIDÍAZ, Carmen (2008), “Notas sobre Concepción Arenal”, *Revista electrónica del Departamento de Derecho de la Universidad de La Rioja, REDUR*, núm 6, páx. 59.

⁵⁰ GARCÍA RUIDÍAZ, Carmen (2008), *op. cit.* páx. 60

⁵¹ *Ibidem*. Á Casa de Corrección de Alcalá foron trasladadas as presas da Casa Galera de Madrid en 1852.

⁵² BALAGUER CALLEJÓN, María Luisa (2009), “Victoria Kent. Vida y obra”, *Corts: Anuario de derecho parlamentario*, núm. 21, páx. 24.

Unha das súas liñas de actuación fundamental consistiu na formación e preparación dos novos funcionarios de prisión a través do Instituto de Estudos Penais. A súa intención era que este novo corpo de funcionarios substituíra ao persoal militar e relixioso que adoitaba rexentar os centros; de feito, secularizou definitivamente as institucións penais a través da Orde do 14 de agosto de 1931, pola cal dissolve ao Persoal de Capeláns e da Sección Facultativa do Corpo de Prisións. A través desta orde, as monxas directivas dos cárceres femininas quedaron relegadas a funcións asistenciais e 101 mulleres pasarían a integrar un novo equipo feminino de funcionarias de cárceres.

Victoria Kent mostrou a súa preocupación pola paupérrima situación da muller presa, constatando por ela mesma que os cárceres femininos albergaban condicións peores cas dos homes. Unha das súas reformas pasaba por adestrar ás penadas en tarefas tales como a costura para que puidesen ser remuneradas por este tipo de traballos en prisión. De acordo con Almeda, a instrución das mulleres nestas funcións denota un pensamento pouco progresista en comparación con Concepción Arenal, quen tiña claro que as mulleres podían aprender calquera oficio e non necesariamente aqueles que perpetúan o seu rol tradicional de coidadoras na sociedade.

Comprometida coa súa política, Kent ordenou a construción dun novo cárcere feminino no barrio de Ventas de Madrid, pero ao non recibir o apoio do Consello de Ministros para aprobar a reforma do Corpo de Prisións, presentou a súa dimisión.

Así con todo, a súa política reformista foi fundamental para que se levaran a cabo medidas de mellora en moitos cárceres do país. Non obstante, todas elas eliminadas polo comezo da guerra civil e a ditadura franquista.

Durante o franquismo os cárceres rapidamente foron utilizadas como medios de represión. As prisións de mulleres resultaron completamente saturadas, chegando a prisión de Ventas a albergar a 11.000 mulleres en 1939. Evidentemente, o amontoamento tanto de homes como de mulleres nos cárceres debíase a motivos políticos.

Por outra banda, a Igrexa retomou a súa tremenda influencia nas institucións penitenciarias, os sacerdotes encargáronse tanto de dar misa e organizar clases de catecismo, como de tarefas de administración e intendencia.

As penurias que viviron as mulleres presas nas prisións franquistas foron narradas por Tomasa Cuevas (entre outras moitas), militante do Partido Comunista Español, presa política e finalmente exiliada política. Cuevas recolleu as testemuñas de mulleres que

pasaran, coma ela, anos sendo torturadas e sobrevivindo nas condicións máis aterrecedoras, na súa obra *Cárceles de mujeres*⁵³.

Noutra testemuña recollida esta vez por Lidia Falcón, avogada e feminista tamén presa durante a ditadura franquista no seu libro *En el infierno. Ser mujer en las cárceles de España*, faise unha curiosa referencia ao traballo que desempeñaban as reclusas: “as prisións de mulleres abastecían coa súa artesanía aos grandes almacéns, fábricas importantes e damas ricas”⁵⁴.

3.4 Da transición democrática á actualidade

Coa morte do ditador Franco e a transición democrática, o sistema penitenciario convulsiona con numerosos motíns e revoltas causados pola escaseza de recursos e as carencias materiais.

O novo director xeral Carlos García Valdés puxo en marcha unha reforma penitenciaria que culminou na Lei Orgánica Penitenciaria de 1979 e o seu Regulamento penitenciario de 1981. Estas normas contribuíron enormemente á pacificación das prisións, así como a dotalas dunha perspectiva máis científica e humanista. Non obstante, nesta normativa falta a perspectiva de xénero no sentido de que trata de maneira insuficiente as necesidades específicas das mulleres presas. As únicas mencións na lei fan referencia á separación por razón de xénero nas prisións, ao material de obstetricia e a posibilidade de que as reclusas teñan fillos a cargo.

Malia que a Lei de 1979 móstrase partidaria dos establecementos unicamente femininos, existen moi poucos repartidos polo Estado español, o que implica que as mulleres están obrigadas a cumprir condena lonxe do seu entorno familiar. A maioría da poboación presa feminina repártese por departamentos ou módulos específicos dentro dos cárceres masculinos. Almeda clasifícaos do seguinte modo:

- Departamentos de mulleres en centros cuxa poboación é masculina. Nestes cosos os módulos son engadidos ou acomodados de segunda clase, con peores condicións que os espazos concibidos para os homes. Tamén dispoñen de menos lugares para realizar actividades ou programas específicos de tratamento.

⁵³ CUEVAS, TOMASA (2005), *Presas. Mujeres en las cárceles franquistas*, Icaria Antrazyt, Barcelona, páxs. 13 – 32.

⁵⁴ FALCON, Lidia (1977), *En el infierno. Ser mujer en las cárceles de España*, Ediciones de Feminismo, Barcelona, páx. 46.

- Prisións de mulleres dentro de cárceres de homes gobernadas por un único director. Como a poboación maioritaria é masculina, as políticas priorizan as súas necesidades e destinan mais recursos económicos, materiais e persoais.

En ambos casos, como os centros están deseñados para ser habitados por homes, non dispoñen de espazos suficientes para atender as necesidades das mulleres, concretamente se son nais. Non así, os cárceres exclusivamente de mulleres si dispoñen de garderías ou lugares en que nais e fillos poidan convivir.

As críticas á organización das prisións de mulleres na actualidade serán desenvoltas en epígrafes posteriores e fundaméntanse basicamente na formación e o acceso a actividades que teñen as reclusas, o réxime disciplinario ao que son sometidas e no enfoque psicoterapéutico que teñen estas institucións.

4 Características das mulleres presas

Os últimos datos proporcionados polo fondo documental da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias son de xaneiro de 2020 nalgúns casos e de decembro de 2021 noutros⁵⁵. Nesta estatística os únicos datos con diferenciación de xénero que se proporcionan son:

- Grupos de idade
- Administración Pública
- Reclusas estranxeiras
- Tipoloxía delictuosa
- Situación procesual
- En situación de prisión preventiva por idade
- Grado de tratamento

Existen estudos que analizan estes datos e outros relacionados, ademais de investigar as súas causas e consecuencias ou que conexións hai entre estes factores, non obstante a maioría son anteriores ao 2010 e os posteriores céntranse en aspectos concretos de cárceres concretos. Repararemos en cada un deles dentro destas limitacións.

⁵⁵ Datos obtidos do fondo documental da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, consultados o 8 de xuño de 2022 en: <https://www.institucionpenitenciaria.es/es/web/home/fondo-documental>. Non atopamos información sobre este desfase temporal entre uns datos e outros.

4.1 Número de mulleres reclusas e centros onde cumpren condena

En xaneiro de 2020 o número total de mulleres reclusas era 4.322, fronte ao número de homes que ascendía a 54.047. Así, as mulleres representan unicamente o 7,4% da poboación reclusa total: 58.369. Respecto destes datos, Almeda⁵⁶ destaca que o índice de encarceramento feminino no Estado español é un dos mais elevados de Europa (o 8% en 2012⁵⁷), así como que o encarceramento feminino é claramente minoritario con respecto ao masculino.

Respecto a onde cumpren condena estas presas, podemos obter información da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias á data de decembro de 2021, que proporciona o número de reclusas por Administración Pública recollido na Táboa 1.

Táboa 1. Número de reclusas por Administración Pública

	Administración Xeral do Estado		Cataluña		Pais Vasco		Totais	
	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
Homes	42.741.	92,86	7.228	92,86	1.271	92,86	51.294	92,86
Mulleres	3.312	7,14	510	7,14	115	7,14	3.937	7,14
Totais	46.053	100	7.738	100	1.386	100	55.177	100

Táboa 1. Elaboración propia a través dos datos da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

Almeda⁵⁸ concreta máis estes datos e explica que actualmente as mulleres condenadas a penas privativas de liberdade distribúense en tres tipos de establecementos:

- Módulos, unidades ou departamentos situados no interior de cárceres masculinos.
- Pequenos cárceres de mulleres integrados en “macrocárceles” de homes.
- Centros penitenciarios exclusivamente femininos.

Estes últimos son os preferidos polo lexislador da Lei Penitenciaria de 1979, non obstante, son os máis escasos, pois soamente atopamos catro: Alcalá de Guadaira (Sevilla), Brieva (Ávila), Madrid I mujeres e Wad Ras (Barcelona). Estes centros teñen

⁵⁶ Almeda, Elisabet, (2002).

⁵⁷ Almeda Samaranch, Elisabet e Ballesteros Pena, Ana (2015), “Políticas de igualdad en las cárceles del siglo XXI. Avances, retrocesos y retos en la práctica del encarceramiento femenino”, Praxis sociológica, núm 19, páx. 168.

⁵⁸ Almeda, Elisabet (2003), *op. cit.*

a capacidade de albergar entre 200 e 300 mulleres. O resto das presas están distribuídas en departamentos ou módulos dos cárceres masculinos ao longo do territorio español. Atopamos 75 módulos femininos en cárceres masculinos que aloxan entre 15 e 20 mulleres; estes están localizados nas prisións de Valladolid, Alcalá II, Martutene, Torrero (Zaragoza), Badajoz, Alicante, Castellón, Palma de Mallorca, Gran Canaria, Pamplona, Málaga, Cuenca, Ibiza, A Coruña, León, Murcia, Almería, Santander, Nanclares de la Oca (País Vasco) ou Cáceres entre outras.

As “macrocárceles” masculinas que inclúen pequenos cárceres de mulleres son unha minoría, atopámolas en Brians (Barcelona), Topas ou Soto del Real (Madrid), centros que poden aloxar a 1.500 persoas das cales entre 200 e 300 son mulleres.

Sexan do tipo que sexan os establecementos penitenciarios femininos caracterízanse por ter unhas condicións de vida peores cas dos homes. En primeiro lugar, os módulos de mulleres en cárceres de homes adoitan ser partes dos edificios habilitadas para incluír a mulleres; Almeda refírese a estes departamentos como “acomodos de ocasión”⁵⁹, que recollen peores condicións de habitabilidade. Estes módulos están gobernados polo mesmo director que rexenta o cárcere e marca a política penitenciaria. Debido a que nestes centros a maioría da poboación está constituída por homes, os recursos materiais, económicos e persoais destínanse a este colectivo, en detrimento das necesidades das mulleres. Por exemplo, as mulleres teñen un acceso moito mais restrinxido as zonas comúns como a biblioteca, o polideportivo ou o salón de actos.

En segundo lugar, as prisións exclusivamente femininas, son tan escasas que as mulleres aloxadas nelas cumpriran condena moi lonxe do seu entorno sociofamiliar. Este factor dificulta as posibilidades de recibir visitas, o que, a súa vez, agrava o “desarraigo e a desintegración familiar”⁶⁰.

4.2 Idade

Respecto a idade das mulleres reclusas, os últimos datos son tamén de xaneiro de 2020 e atópanse na Táboa 2.

Táboa 2. Idade da poboación reclusa

Idades	Homes	Mulleres	Total
De 18 a 20 anos	292	18	310
De 21 a 25 anos	3.064	220	3.284

⁵⁹ Almeda, Elisabet (2003), *op. cit.*, páx. 39.

⁶⁰ *Ibidem*.

De 26 a 30 anos	5.705	436	6.141
De 31 a 40 anos	14.067	1.190	15.257
De 41 a 60 anos	18.694	1.566	20.260
Mais de 60 anos	2.268	177	2.445
Non consta	1	1	1
Totais	44.091	3.607	47.698

Táboa 2. Elaboración propia a través dos datos da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias

Nestes datos móstrase que a maior parte da poboación feminina concéntrase no grupo de idade entre 41 a 60 anos, albergando a máis do 40% das reclusas⁶¹.

Nestes anos centrais da vida as mulleres adquiren uns roles de coidadoras que serán desatendidos debido ao internamento en prisión. Este incumprimento das responsabilidades que lles son atribuídas socialmente provocará un sufrimento engadido para as mulleres, non así para os homes, que non asumen estes roles de coidado da familia máis aló do sustento económico⁶².

A propósito da diferenciación por idade das reclusas, de novo Almeda⁶³ sinala que o mandato da Lei Penitenciaria de 1979 e do Regulamento Penitenciario de 1996 consistente en separar ás penadas por idades non se cumpre no caso das reclusas femininas. Estas conviven todas xuntas sen discernir entre idade ou situación procesual. Esta característica, non exclusiva dos cárceres españois xustifícase con argumentos paternalistas que infantilizan ás mulleres, tales como que as mulleres maiores poden axudar e aconsellar ás xoves.

4.3 Nacionalidade e etnia

O fondo documental da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias soamente diferencia entre a categoría estranxeiro e nacional, sen deterse nas diferentes nacionalidades ou etnicidades que conviven en prisión. Así, recollen os datos en xaneiro de 2020 da Táboa 3:

⁶¹ Área de Cárceres de la APDHA (2020), *Informe sobre la situación de las mujeres presas. Tratamiento y derechos de las mujeres privadas de libertad en los centros penitenciarios de España y Andalucía*, páx. 20.

⁶² Acale Sánchez, María (2017), "El género como factor condicionante de la victimización y de la criminalidad femenina", *Papers. Revista de Sociología*, vol. 102, núm. 2, páx. 13.

⁶³ Almeda, Elisabet (2003), *op. cit.*

Táboa 3. Número de persoas presas estranxeiras

Xénero	Núm.	%
Homes	15.187	92,51
Mulleres	1.230	7,49
Total	16.417	100

Táboa 3. Elaboración propia a través dos datos da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

Se tomamos a cifra de 1.230 mulleres reclusas estranxeiras en comparación co número total de presas: 4.322, observaremos que o 28,46% das encarceradas son estranxeiras.

No *Proxecto MIP: Mulleres, Integración e Prisión*⁶⁴ de 2005 ofrécese un dato moi curioso respecto á nacionalidade das mulleres estranxeiras: o 63% das mulleres provén de Estados que foron “antigas colonias” (países do Sur de América). Esta tendencia repítese noutros países obxecto de estudo do Proxecto como Italia e Francia.

Na investigación *MIP* explícase que as mulleres mais marxinalizadas dentro dos centros penitenciarios son as estranxeiras, pois a maioría delas non posúen documento de identidade nin ningún outro documento oficial, factor que lles imposibilita para solicitar prestacións económicas ou coidados médicos.

Respecto a etnicidade, as estatísticas oficiais non recollen esta característica, de modo que resulta difícil medir este fenómeno. Con todo, os estudos sobre o tema sinalan que unha de cada catro mulleres encarceradas é de etnia xitana⁶⁵. Naredo Moledo sinala o alarmante desta cifra tendo en conta que a poboación xitana representa o 1,4% da poboación total no Estado español⁶⁶. No *Proxecto MIP* relaciónase esta sobre-representación de poboación xitana nos cárceres femininos coa exclusión social que sobre esta comunidade. Así, durante a industrialización os sectores económicos nos que os xitanos operaban foron estreitándose e as súas oportunidades laborais no mercado de traballo regular reducíronse. Tamén influíu na súa marxinação os plans de desenvolvemento urbano, que contribuíron á aparición de barrios de chabolas, cada vez

⁶⁴ CRUELLES, Marta e IGAREDA, Noelia (Eds.) (2005), *Mujeres, Integración y Prisión*, Aurea Editores, Barcelona, páx. 18.

⁶⁵ CRUELLES, Marta e IGAREDA, Noelia (Eds.) (2005), *op. cit.*; de MIGUEL CALVO, Estibaliz (2014), “Encarcelamiento de mujeres. El castigo penitenciario de la exclusión social y la desigualdad de género”, *Zerbitzuan: Gizarte zerbitzuetarako aldizkaria= Revista de servicios sociales*, núm. 56, páxs. 75 - 86; NAREDO MOLEDO, María (2004), *¿Qué nos enseñan las reclusas?. La criminalización de la pobreza desde la situación de reclusas extranjeras y gitanas*.

⁶⁶ NAREDO MOLEDO, María (2004), *op. cit.*, páx. 78.

mais asociados ao tráfico de drogas. Consecuentemente, un 60% de mulleres xitanas que está en prisión é debido a un delito por tráfico de drogas.

Sobre as mulleres xitanas no cárcere, de Miguel Calvo sinala que este fenómeno é produto das dinámicas de criminalización e empobrecemento dos grupos étnicos minoritarios, que crean unha cabeza de turco á que culpar dos males sociais e pecha o círculo vicioso de empobrecemento-criminalización-exclusión⁶⁷.

4.4 Tipoloxía delituosa e situación procesual

A tipoloxía delituosa está ordenada segundo a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de Novembro, do Código Penal e diferencia homes e mulleres, á data de xaneiro de 2020, tal como se mostra na Táboa 4.

Táboa 4. Número de persoas reclusas por tipo de delito

Delito	Homes	Mulleres	Total
Homicidio e as súas formas	3.207	282	3.489
Lesións	2.103	147	2.250
Contra a liberdade	598	48	646
Contra a liberdade sexual	3.330	53	3.383
Contra o honor	0	0	0
Delitos e faltas de violencia de xénero	4.679	5	4.684
Contras as relacións familiares	184	12	196
Contra o patrimonio e a orde socioeconómica	17.457	1.516	18.973

⁶⁷ de MIGUEL CALVO, Estibaliz (2014), *op. cit.* páx. 81.

Contra a saúde pública	7.200	1.036	8.236
Contra a seguridade do tráfico	1.295	39	1.334
Falsidades	500	79	579
Contra a Administración e a Facenda Pública	357	29	386
Contra a Administración de Xustiza	720	110	830
Contra a orde pública	1.517	137	1.654
Resto de delitos	695	95	790
Por faltas	27	1	28
Non consta delito	72	8	80
Totais	43.941	3.597	47.538

Táboa 4. Elaboración propia a través dos datos da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

Os delitos polos que as mulleres están en prisión son maioritariamente contra o patrimonio e a orde socioeconómica, ao igual que os homes. O segundo tipo de delitos máis común entre as mulleres son contra a saúde pública, concretamente delitos relativos a drogas. Sobre esta segunda categoría delituosa, Juanatey Dorado apunta que son cometidos por mulleres con problemas de drogodependencia, de modo que sería aconsellable substituír a pena de prisión por algún tratamento para xestionar a dependencia⁶⁸.

Por outra banda, compre sinalar que o terceiro grupo de delitos polos que os homes cumpren penas privativas de liberdade son delitos contra a liberdade sexual, e o cuarto

⁶⁸ JUANATEY DORADO, Carmen (2018), "Delincuencia y población penitenciaria femeninas: situación actual de las mujeres en prisión en España", *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, núm. 20 - 10, páx. 29.

delitos de violencia de xénero; mentres que o número de mulleres condenas categoría delituosa é ínfimo.

Como comentábamos, o Estado español ten un dos índices de encarceramento feminino mais elevado de Europa e isto non é debido a que a criminalidade sexa superior, senón a que, de acordo con Almeda⁶⁹, a pena por excelencia no noso Código Penal é a privativa de liberdade. O certo é que as mulleres son o colectivo de persoas reclusas que mais recibe penas alternativas ao cárcere. Non obstante, debido a que os delitos que comenten non son violentos e a que as mulleres non adoitan reincidir penalmente, esta autora reivindica un maior uso das penas substitutivas.

En canto á situación procesual das mulleres encarceradas en xaneiro de 2020, esta reflíctese na Táboa 5.

Táboa 5. Número de persoas reclusas segundo a categoría procesual

Situación procesual	Homes	Mulleres	Total
Preventivos	8.711	652	9.363
Penados	44.091	3.607	47.698
Medidas de Seguridade	529	45	574
Penados con Preventivas	716	18	734
Totais	54.047	4.322	58.369

Táboa 5. Elaboración propia a través dos datos da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

Destes datos resulta rechamante que a porcentaxe de homes en situación preventiva respecto ao total de penados é un 16,11%. A porcentaxe de mulleres en prisión preventiva respecto ao total de reclusas é de 15,08%. Esta escasa diferenza no uso da prisión preventiva é denunciada polas autoras especialistas nesta materia⁷⁰, que ven como unha clara discriminación de xénero o feito de que se empregue en case igual proporción a prisión preventiva en homes que en mulleres. A discriminación radica en que as mulleres son condenadas xeralmente por delitos non violentos e de menor

⁶⁹ ALMEDA, Elisabet (2003), *op. cit.*

⁷⁰ ALMEDA, Elisabet (2003), *op. cit.*, JUANATEY DORADO, Carmen (2018), *op. cit.*

gravidade, como se evidenciaba na Táboa 4, delitos que non xustifican o excesivo uso da prisión preventiva.

Sobre o grao de tratamento das reclusas, a Táboa 6 mostra o número de presas en cada un en xaneiro de 2020. Compre recordar que os graos clasifican ás persoas privadas de liberdade en función da súa perigosidade e cada un ofrece unha variedade diferente de actividades culturais, educativas, terapéuticas... O primeiro grao ou réxime pechado é o mais restrictivo, o segundo é o ordinario ou común e o terceiro supón un réxime de semiliberdade.

Táboa 6. Número de persoas presas en cada grao de tratamento

Graos	Homes	Mulleres	Total
Primeiro grao	833	60	893
Segundo grao	33.081	2.302	35.383
Terceiro grao	7.047	956	8.003
Sen clasificar	3.120	289	3.409
Totais	44.081	3.607	47.688

Táboa 6. Elaboración propia a través dos datos da Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias.

As cifras da Táboa 6 mostran que a maioría das mulleres atópanse no segundo grao, ao igual que os homes. En primeiro grao so está un 1,66% das mulleres, e un 1,89% dos homes. No terceiro grao a porcentaxe de mulleres é maior ca os homes: 26,5% fronte a 15,99%. Aínda que coherente, esta última porcentaxe alarma ás investigadoras tendo en conta, de novo, a escasa perigosidade e conflitividade da delincuencia feminina. É dicir, as autoras defenden que debería haber mais mulleres no réxime de semiliberdade dada a tipoloxía delituosa pola que cumpren condena, as precarias condicións penitenciarias e o feito de que moitas delas poden ser nais de fillos menores de idade dos que poderían facerse cargo a través do terceiro grao.

4.5 Maternidade

A posibilidade de que as mulleres encarceradas permanezan cos seus fillos en prisión está recollida no artigo 38.2 da Lei Orgánica 1/1979, de 26 de setembro, Xeral Penitenciaria, segundo o cal as internas poderán ter en compañía aos seus fillos ata que cumpran tres anos, sempre que se acredite a filiación. O Regulamento Penitenciario

engade no seu artigo 17 que esta situación será permisible soamente no caso de que non entrañe riscos para os menores.

Yagüe Olmos⁷¹ contabilizaba que en 2005 había 196 nenos internos xunto coas súas nais nos cárceres españois. Segundo esta autora, a tendencia a aloxar menores na primeira década dos 2000 era ascendente. Non obstante, nos últimos anos esta cifra diminúe: en xullo de 2018 *La Vanguardia*⁷² informaba sobre que 78 eran os nenos ingresados en prisión; posteriormente, en maio de 2020 *El País*⁷³ fala de 69 cativos. Este último medio explica que a partir da crise sanitaria da Covid-19 os centros penitenciarios fixeron esforzos en desaloxar as instalacións, dentro da medida do posible, para minimizar o risco de propagar o virus.

Con todo, os espazos habilitados para albergar nais e fillos son as unidades de nais e as unidades dependentes para nais. Yagüe Olmo⁷⁴ explica as súas características resaltando que as unidades de nais son independentes arquitectonicamente do resto da poboación reclusa, aínda que non eliminan nin disimulan por completo os elementos físicos propiamente carcerarios, coma os mures ou rexas. Pola contra, as unidades dependentes para nais son pequenos fogares afastados dos centros penitenciarios cunha organización e funcionamento moi diferente. Estas unidades contan con escolas infantís nas que os nenos recibirán educación axeitada para a súa idade. Excepcionalmente, homes e mulleres poden compartir actividades e programas nas unidades familiares cuxo obxectivo é a reagrupación de pais e nais privados de liberdade que contan con fillos menores de tres anos.

As principais vantaxes destas unidades é a sorprendente calidade das instalacións, a súa correcta aclimatación e a prioridade coa que se tratan as necesidades de nais e nenos. Non obstante, Igareda Gonzalez⁷⁵ sinala algunhas consecuencias negativas do internamento de nais e fillos. Por unha banda, a ausencia de familiares próximos á localización das unidades de mulleres dificulta que os nenos poidan saír as fines de semana. Por outra banda, se os cárceres de mulleres xa teñen menores posibilidades de traballo remunerado, as nais contan coa dificultade engadida de non poder compatibilizar os horarios de traballo coa crianza.

⁷¹ YAGÜE OLMOS, Concepción (2007), *op. cit.*

⁷² *La Vanguardia*, disponible en <https://www.lavanguardia.com/vida/20180708/45769950319/un-total-de-78-menores-de-tres-anos-viven-con-sus-madres-en-prision-en-espana.html>, consultado o 15 de xullo de 2022.

⁷³ *El País*, disponible en <https://elpais.com/espana/2020-05-06/los-ultimos-69-ninos-en-las-carceles-espanolas.html>, consultado o 15 de xullo de 2022.

⁷⁴ YAGÜE OLMO, Concepción (2007), *op. cit.*

⁷⁵ IGAREDA GONZÁLEZ, Noelia (2009), *op. cit.*

Sobre o impacto negativo que o crecemento no cárcere pode supoñer para os nenos existen moi poucos estudos. Yagüe Olmo⁷⁶ sinala as carencias relativas a desenvolverse en espazos afastados e illados. A submisión continua a ordes e a falta de autonomía resulta difícil de entender para os cativos; tamén carecen de referentes afectivos cotiás dos outros familiares.

Compre recordar que a experiencia da maternidade en prisión non se esgota co acompañamento en prisión do fillo, senón que, cando o neno cumpra os tres anos xa non terá permitido permanecer no centro penitenciario. A solución a esta situación vendada pola figura do acollemento, percibido polas nais como un castigo adicional.

Se as nais nunca ingresaron cos seus fillos por ser estes maiores de tres anos, veranse separadas deles co sufrimento que isto carrega. Ao seren privadas do exercicio da maternidade, moitas mulleres experimentan a sensación de non ser “boas nais”, chegando a sentir que non son plenamente mulleres.

4.6 Mulleres LGTBIQ+

Nos estudos sobre a situación das mulleres nos cárceres femininas botamos en falta unha referencia as mulleres pertencentes ao colectivo LGTBIQ+. Estes estudos están sensibilizados coas condicións das mulleres que as fan un colectivo especialmente vulnerable en prisión, como pode ser a etnia, a nacionalidade, a maternidade ou a exclusión social. Pero non recollen un factor de risco importante na vida dalgunhas mulleres incluso se non son presas: a súa identidade *queer*⁷⁷.

Os traballos sobre mulleres con identidades disidentes nos cárceres céntranse sobre todo en mulleres lesbianas e mulleres trans.

Sobre as mulleres lesbianas, fálase en primeiro lugar das relacións afectivas que establecen as mulleres reclusas. Estas son relacións adaptativas, que constitúen unha resposta fronte as carencias afectivas de familiares e amigos⁷⁸. Indo mais aló desta aséptica afirmación, fálase da “homosexualidade situacional”; este termo refírese a que as mulleres encarceradas que manteñen relacións sexo-afectivas entre elas non son realmente lesbianas ou bisexuais, senón que manteñen relacións sáficas porque practicamente é a súa única alternativa relacional. Esta visión parece algo contaminada pola homofobia ao insinuar que a privación de liberdade e a convivencia con outras

⁷⁶ YAGÜE OLMO, Concepción (2007), *op. cit.*

⁷⁷ O termo *queer* aparece para designar todas aquelas identidades que escapan da norma cisheterosexual: lesbianas, gays, transxénero, bisexuais, non binarias...

⁷⁸ COLANZI, Irma (2018), “Los lazos sexo-afectivos: modos de ejercicio de cuidado en mujeres privadas de libertad”, *Derecho y Ciencias Sociales*, núm. 18, páx. 123.

mulleres “obriga” a ter relacións sexuais ou afectivas con elas. Non negamos que este fenómeno poida ser así en algunha medida, pero o establecemento de lazos sexo-afectivos, e a orientación sexual semellan algo máis complexo.

Respecto as mulleres trans en prisión, Urra Grimal⁷⁹ distingue tres situacións:

- Mulleres trans con xenitais masculinos e sen cambio de sexo no Rexistro Civil en cárceres de homes.
- Mulleres trans con operación de reasignación de sexo en cárceres de mulleres.
- Mulleres trans con xenitais masculinos en cárceres de mulleres debido ao seu cambio de sexo no Rexistro Civil.

Deste modo, os criterios básicos para a clasificación penitenciaria por sexo-xénero consisten na xenitalidade e na identificación de sexo no Rexistro Civil. Non obstante, a Instrución Penitenciaria 7/2006 posibilita o recoñecemento da identidade de xénero daquelas persoas que non realizaran o cambio de sexo e nome no Rexistro Civil, cumprindo determinados requisitos. Esta instrución permite o internamento nos centros ou módulos correspondentes ao xénero sentido.

Malia estas ferramentas proporcionadas pola normativa, as prisións non son o lugar idóneo para o libre desenvolvemento da identidade de xénero. De feito, as mulleres trans nas prisións de homes sofren o risco de sufrir violacións, acoso sexual e transfobia. As propias institucións penitenciarias toman medidas de intervención co obxectivo de reducir este risco, en moitas ocasións en detrimento das reclusas, por exemplo, restrinxindo o seu uso das zonas comúns.

Resulta habitual o paradoxo de rexeitar a identidade das mulleres trans e, a súa vez, considerar o seu corpo como obxecto de desexo, especialmente vulnerable nun contexto de encerro. Ademais, a prisión masculina concíbese como un espazo baseado na hipermasculinidade e heterosexualidade, xerando rexeitamento ante opcións disidentes.

4.7 Situación previa no mercado laboral e condicións socioeconómicas

Tendo en conta o perfil de muller que estase a revelar neste apartado, non debería sorprender o feito de que a maior parte das mulleres encarceradas tiveran traballos precarios antes do seu ingreso en prisión. Para dilucidar este fenómeno de Miguel Calvo⁸⁰ recorda que as mulleres accedemos ao mercado laboral como traballadoras de

⁷⁹ URRÁ GRIMAL, David (2017), “TRANSgresión entre rejas: Factores de vulnerabilidad en el sistema penitenciario de Barcelona”, *Athenea Digital*, núm. 17, páxs. 175 - 200.

⁸⁰ De MIGUEL CALVO, Estibaliz (2014), *op. cit.*

servizos feminizados, nos que se explota o rol de cuidadoras. No seu estudo sobre o cárcere de mulleres de Nanclares de Oca recolle tres situacións laborais diferentes das reclusas:

- Nunca tiveron traballo.
- Traballos sempre precarios.
- Emprego relativamente estable.

O perfil maioritario correspondía a mulleres que traballaran durante toda a súa vida en empregos precarios: hostalaría, limpeza e cuidados. Por outra banda atopamos ás mulleres que nunca tiveron un emprego remunerado pero que se ocuparon do traballo doméstico e por último ás mulleres que tiñan un traballo habitual no sector da hostalaría.

O estudo realizado polo *Proxecto MIP* coincide en que as mulleres presas estaban inactivas, desempregadas ou realizando traballos precarios ou sen cualificación. Moitas destas mulleres sen emprego vivían por debaixo do limiar da pobreza, sufrían endebedamento, recibían prestacións asistenciais do Estado ou incluso estas prestacións eran o seu único sustento económico. Especialmente vulnerables mostrábanse as nais de familias monoparentais.

Este factor intersecciona con outras dimensións da exclusión primaria xa mencionadas anteriormente como a nacionalidade, a etnicidade, a toxicomanía ou a maternidade; e con outras ás que non dedicamos un apartado específico como a educación, as redes sociais ou a violencia de xénero. Referirémonos brevemente a estes últimos factores.

Dúas terceiras partes das mulleres encarceradas en Nanclares de Oca tiñan estudos primarios ou de niveis inferiores, é dicir, non tiñan estudos ou eran analfabetas. Este dato confírmase no *Proxecto MIP*, no que salientan que o analfabetismo e o escaso nivel educativo afectaba, nos cárceres femininas do Estado español, especialmente ás mulleres xitanas.

Sobre as redes sociais das mulleres presas, reflíctese no *Proxecto MIP* que residir nun barrio afecta positivamente á comisión de delitos relacionados coas drogas ou a prostitución, así como aumenta o risco de reincidencia. A familia tamén inflúe na criminalidade no sentido de que a maioría das mulleres reclusas tiveran canto menos un familiar en prisión.

En canto a violencia de xénero, moitas mulleres revelaron no citado estudo que sufriran violencia física e sexual por parte de familiares ou parellas, durante a infancia ou a idade adulta. Noutros Estados como Francia ou Inglaterra, realizáronse informes que relacionaban o entorno violento das mulleres coa súa delincuencia. Por unha banda quen fuxía da súa casa tras ser vítimas de violencia mostrábanse mais tendentes á

comisión de delitos; por outra banda mulleres que sufrían violencia de xénero por parte da súa parella cometían delitos contra o seu maltratador ou ben eran cómplices nos delitos cometidos por este.

5 Traballo e reinserción social

5.1 Consideracións previas

5.1.1 Sociolóxicas

Para comezar este epígrafe gustaríanos facer unha reflexión sobre a función social que cumpre o traballo na sociedade actual. Para este análise resultou especialmente ilustrativa a consideración de Igareda González⁸¹, segundo a cal o traballo é un factor integrador chave, pero que á mesma vez require unha mínima integración social para poder ser desenvolto con éxito.

O mercado laboral hoxe en día regula a cidadanía no sentido de que é a actividade máis decisiva para avaliar a pertenza social. A realización dun traballo remunerado elixe quen é e quen non é cidadán. Entendendo a cidadanía como a relación entre o individuo e o Estado, comprobaremos que as prestacións sociais do Estado de benestar máis significativas cuantitativamente dependen do número de anos traballados. Deste modo o propio Estado utiliza o mercado laboral como ferramenta de inclusión ou exclusión social.

No ámbito penitenciario o traballo tamén considérase un medio necesario para a integración. Mostra disto é que para acceder ao réxime aberto de semiliberdade os requisitos son ter cumprida tres cuartas partes da condena e ter un bo prognóstico de reinserción social. Este prognóstico baséase na familia e no traballo, en moitas ocasións de maneira contraproducente, pois as mulleres presas carrexan con dificultades e carencias nestes dous ámbitos da vida dende antes do seu ingreso. Con independencia de que as mulleres reclusas tiveran ou non unha boa relación coa súa familia e o seu traballo, o cárcere devalará estas circunstancias pois durante o encerro atópanse lonxe das súas familias e as súas posibilidades de acceso a formación e educación son escasas e estereotipadas, como analizaremos neste epígrafe.

Por outra banda, no *Proxecto MIP* destácase o valor disciplinario que ten o traballo en prisión no sentido de que concíbese como unha actividade que ensina ás persoas a seguir unhas regras, uns horarios e a actuar conforme a unhas expectativas. De feito, o

⁸¹ IGAREDA GONZÁLEZ, Noelia (2007), "Mujeres en prisión" en CEREZO DOMÍNGUEZ, Ana Isabel y GARCÍA ESPAÑA, Elisa (Coords.), *La prisión en España. Una perspectiva criminológica*, Comares, Granada, páxs. 75 – 100.

traballo defínese en moitas ocasións como un deber (por exemplo, no propio artigo 27 da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria) e eludilo levará consecuencias negativas ou unha ausencia de consecuencias positivas.

Segundo este estudo, a percepción que teñen as mulleres presas sobre o traballo realizado en prisión consiste en entendela como unha ferramenta para obter ingresos e para pasar o tempo, pero, como veremos, non poden afirmar que é de utilidade para retomar a vida no exterior.

5.1.2 Xurídicas

De acordo coa nosa Lei Orgánica Xeral Penitenciaria os principios primordiais das institucións penitenciarias é a reeducación e reinserción social dos penados, ademais, evidentemente, da súa custodia e retención (artigo 1). Así, os cárceres contan, debido á influencia do pensamento da Ilustración, cunha dobre función: custodiar aos presos e reformalos moralmente co fin de que subsistan tras o encerro⁸². Este obxectivo conságrase no artigo 25. 2 da Constitución Española, segundo o cal as penas privativas de liberdade estarán orientadas cara a reeducación e reinserción.

Para cumprir coa finalidade da reinserción social, o Regulamento Penitenciario recolle no seu artigo 110 que a Administración Penitenciaria “diseñará programas formativos orientados a desenvolver as aptitudes dos internos así como enriquecer os seus coñecementos, mellorar as súas capacidades técnicas ou profesionais e compensar as súas carencias”; tamén utilizará programas de carácter psicosocial orientados a mellorar as capacidades dos internos e facilitará o contacto dos internos co exterior na medida do posible.

Con este obxectivo e de maneira complementaria, o artigo 118 do Regulamento contempla a realización de actividades educativas, formativas, talleres ocupacionais e a celebración de actos socioculturais e deportivos.

En relación co traballo produtivo, o artigo 27 da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria establece que este é un dereito e un deber dos internos que terá carácter “formativo, creador ou conservador dos hábitos laborais” sen que en ningún caso poida utilizarse como medio correctivo ou aflitivo. Esta idea repítese no artigo 132 do Regulamento Penitenciario.

A persoa reclusa que realice un traballo produtivo por conta allea nos obradoiros do centro penitenciario estará sometida ao réxime laboral especial penitenciario. Este

⁸² DÍEZ GARCÍA, Rubén (2010), “Prisión y reinserción social: identificación de actores, escenarios y estructuras de interacción”. IX Congreso ...”, *Red Cauce*, Madrid, páx. 8.

régime caracterízase, segundo a información do Ministerio de Trabajo e Economía Social⁸³, por:

- Ser un traballo remunerado e que cotiza ao Sistema da Seguridade Social.
- O empregador será a entidade de Trabajo e Prestacións Penitenciarias.
- O contrato realizarase por obra ou servizo determinado⁸⁴.
- O contrato poderá ser suspendido por motivos disciplinarios e sancionadores.
- A relación laboral extinguirase pola excarceración da persoa reclusa, pola súa contratación con empresas exteriores cando acceda ao terceiro grao, ou de novo por motivos sancionadores ou disciplinarios.
- O control, planificación e organización do traballo corresponde a entidade de Trabajo e Prestacións Penitenciarias.
- Para determinar a remuneración tomarase como referencia o Salario Mínimo Interprofesional vixente en cada momento para o establecemento de módulos retributivos.
- O director do centro penitenciario será quen estableza o calendario laboral e as particularidades en canto a xornada e quendas.
- As vacacións anuais teñen unha duración de trinta días.
- O Estatuto dos Traballadores soamente será de aplicación no caso de remisión pola normativa específica.
- Os conflitos individuais promovidos polas persoas internas traballadoras rexeranse pola Lei 36/2011, de 10 de outubro reguladora da xurisdición social.

No tan citado *Proxecto MIP* sinálase que a pesar destes dereitos laborais dos que son titulares as persoas presas, o certo é que en prisión carecen de moitos outros, como o dereito a folga ou a sindicarse.

Cando as persoas internas acceden ao terceiro grao, a súa actividade por conta allea en empresas externas estará sometida ao Estatuto dos Traballadores.

⁸³ Ministerio de Trabajo y Economía Social, dispoñible en https://www.mites.gob.es/es/guia/texto/guia_8/contenidos/guia_8_19_8.htm, consultado 10 de xullo de 2022.

⁸⁴ Un dos puntos chave do Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urgentes para a reforma laboral, la garantía de la estabilidad en el empleo y la transformación del mercado de trabajo é a limitación do uso deste tipo de contratos, non obstante a norma garda silencio sobre como afecta esta medida no réxime laboral especial penitenciario.

5.2 O traballo nas prisións femininas

A estas alturas do traballo xa non sorprenderá que mencionemos a escaseza de estudos existentes neste ámbito. Por esta razón, referirémonos a estudos sociolóxicos realizados na primeira década do 2000 e que ilustraron rigorosamente como era (ou é) o traballo das mulleres en prisión.

En primeiro lugar faremos referencia ao número de mulleres que traballa en prisión, a cifra é sorprendentemente pequena: en 2005 tan só o 13% das reclusas traballaba nas prisións femininas do Estado español. Este dato aparece no *Proxecto MIP* de 2005 e no Informe nacional⁸⁵ deste mesmo estudo en 2004 recóllese a alarmante comparación entre a remuneración feminina e a masculina: mentres que os homes percibían entre 600€ e 950€ mensuais, as mulleres soamente cobraban entre 37€ e 138€.

Posteriormente o *Informe sobre la situación de las mujeres presas. Tratamiento y derechos de las mujeres privadas de libertad en los centros penitenciarios de España y Andalucía*⁸⁶, en 2020 recolle os datos proporcionados por Trabajo Penitenciario y Formación para el Empleo. Segundo este organismo, en 2016 o 23% dos homes en prisión realizou un traballo remunerado, mentres que a porcentaxe de mulleres traballadoras en prisión ascende ao 28%. O problema destes datos radica en que entidade estatal Trabajo Penitenciario y Formación para el Empleo facilitou nun artigo periodístico esta información sen especificar o tipo de actividades nas que estaban empregadas as mulleres e os homes nin a súa retribución mensual. Polo tanto, non resulta posible coñecer de que maneira inflúen nestas cifras os estereotipos e a discriminación por razón de xénero.

En segundo lugar, en canto ao tipo de traballo que desempeñan as mulleres, se no epígrafe anterior referíámonos as condicións de precariedade e temporalidade nas que acceden as mulleres ao mercado laboral, no ámbito penitenciario so podemos confirmar que, tristemente, as circunstancias son igual de desoladoras. No Informe Nacional de 2004, criticase a escaseza de prazas laborais ofrecidas e o carácter monótono e aburrido dos postos.

As mulleres traballan nas cadeas de montaxe ou en servizos domésticos. As tarefas nas cadeas de montaxe non requiren ningún tipo de formación útil e tampouco proporcionan ningunha nova competencia laboral a quen as desempeñan, pois

⁸⁵ CRUELLES, Marta; CRUELLES, Eva; IGAREDA Noelia; TORRENS, Miriam (2004), *Mujeres Integración y Prisión. Un análisis de los procesos de integración sociolaboral de las mujeres presas en Europa*.

⁸⁶ Área de cárceles de la APDHA, *op. cit.*

consisten en operacións moi simples como poñer cravos ou facer etiquetas. En canto aos servizos domésticos, tales como lavandería, cociña ou limpeza, non conseguen máis que reforzar o rol tradicional das mulleres na sociedade. Almeda⁸⁷ profunda no contido dos obradoiros produtivos para mulleres, criticando o carácter marcadamente estereotipado que teñen: confección de alfombras, roupa, material téxtil do fogar como manteis ou panos, fabricación de bonecas de trapo ou flores, traballos de cerámica ou artesanía... Esta autora sinala que os traballos que realizan as mulleres son os que os centros penitenciarios de homes rexeitan por estar peor remunerados.

En cambio nos cárceres de homes a oferta de obradoiros produtivos é moito mais variada e comprende: construción, mecánica, encadernación, electricidade, soldadura eléctrica, tipografía, automoción, climatización, instalación de gas, técnicas de son, informática, confección industrial, pintura ou carpintería... Estes traballos implican un maior status social e son mais útiles de cara á futura reinserción social.

No caso das mulleres presas aloxadas en cárceres de homes a situación é incluso mais desfavorecedora, pois os homes gozan de preferencia no acceso ao emprego dada a súa maior produtividade, de modo que as mulleres quedan relegadas ás tarefas máis rutineiras, monótonas e incluso domésticas, o que asemella unha discriminación intolerable levada a cabo en centros a cargo da Administración Pública.

As tarefas asignadas ás mulleres presas non so non requiren cualificación senón que ademais, non posibilitan a adquisición competencias profesionais. Este factor constitúe un importante elemento para a reinserción social, pois axudará ás excarceradas a incorporarse ao mercado laboral unha vez cumpran coa súa condena.

Estudos mais recentes como o de Ballesteros Pena⁸⁸ confirman que a oferta laboral nos cárceres femininos continúa reforzando o papel doméstico da muller, baseándose en estereotipos para asignar os empregos “mais adecuados” a homes e mulleres. Esta autora apunta outras circunstancias sobre o traballo feminino nos cárceres. Por exemplo, sinala que en moitas ocasións as mulleres deben, previamente, realizar un traballo voluntario para mostrar unha imaxe disposta que servirá como transición cara un traballo remunerado. Outro elemento curioso sobre o traballo das mulleres presas é o seu habitual carácter informal: sucede que a oferta de emprego institucional é limitada, pero todas as reclusas precisan recursos económicos para mercar bens de primeira necesidade e hai quen nin ten traballo nin ten familiares que lle proporcionen estes

⁸⁷ ALMEDA, Elisabet (2002), *op. cit.*

⁸⁸ BALLESTEROS PENA, Ana (2012), *op. cit.*

recursos. Para paliar esta situación, algunhas reclusas pagan a outras, nunha mostra de sororidade, por facer pequenas tarefas como a colada, a manicura ou artesanía.

5.3 A formación profesional nas prisións femininas

Para unha reinserción social axeitada a formación profesional móstrase tan importante coma a realización dun traballo en prisión. Malia este carácter imprescindible da educación para incorporarse ao mercado laboral, de novo atopámonos con dificultades e discriminacións á hora de ilevala a cabo nos cárceres femininos.

A situación previa das mulleres presas, como xa comentamos, é habitualmente de falta de formación e incluso analfabetismo, polo que os esforzos das institucións dirixíronse basicamente a impartir clases de educación básica, de feito, esta é obrigatoria para quen careza dela. Esta educación elemental, de acordo cos datos recollidos polo *Proxecto MIP* en 2005, supoñe un auténtico reto para as mulleres reclusas e trae aparellada unha consecuencia que, por obvia non deixa de ser preocupante: sen a educación básica finalizada, non poden acceder ás formacións profesionais.

Outro obstáculo co que se topan as mulleres reclusas estranxeiras é o idioma, polo que resulta fundamental o aprendizaxe deste non so para a inserción laboral senón tamén para a inserción social.

Os cursos de formación profesional impartidos en cárceres femininos redúcense basicamente a peluquería, estética, gancho, confección, punto de cruz e pintura. Estes cursos realmente non conseguen aportar mais valor á traxectoria laboral das mulleres senón que simplemente lles serven para ocupar o tempo. Por outra banda, estes cursos non teñen ningún tipo de vínculo con empresas, asociacións ou organizacións externas que estean interesadas en contratar ás reclusas. As propias presas recoñecen ter esta sensación de que a formación recibida non aporta utilidade para a reinserción laboral.

O acceso á educación resulta complicada para as mulleres por problemas frecuentes de traslados ou superpoboación nos centros. Tamén topan con dificultades á hora de compatibilizar a demanda entre educación e traballo ou outras actividades culturais. Para as mulleres que son nais a conciliación, dereito que avanza no mundo exterior, é inimaxinable.

O informe nacional do *Proxecto MIP*⁸⁹, destaca outra carencia da formación en centros penitenciarios femininos consistente na falta de orientación laboral ás reclusas. É dicir, ao acabar os cursos estas mulleres obteñen un título e non saben nin que facer con el

⁸⁹ CRUELLS, Marta; CRUELLS, Eva; IGAREDA Noelia; TORRENS, Miriam (2004), *op. cit.*

nin para que sirve. Non reciben ningún tipo de información sobre como afrontar o mundo laboral: non saben elaborar un CV, nin realizar unha entrevista de traballo ou superar un proceso de selección, nin coñecen empresas nin institucións de colocación profesional.

Podemos concluír, polo tanto que os cursos de formación nas prisións femininas nin aumentan a formación das mulleres nin as súas habilidades, capacidades e competencias útiles no mercado laboral. Non aportan ningún tipo de ferramenta que se valora hoxe en día no momento da contratación: a flexibilidade, proactividade, capacidade de adaptación, responsabilidade, liderado e traballo en equipo, autonomía e solidariedade...

Ademais, de novo compre insistir en que as actividades formativas nas prisións femininas están marcadamente feminizadas e reforzan os roles de xénero, instruindo ás mulleres nas tarefas do fogar e educándoas na ética do espazo privado e doméstico⁹⁰. Nada que ver coas que se imparten nos cárceres para homes, que ao igual que os obradoiros produtivos mencionados no apartado anterior, son tremendamente variadas e enfocadas cara o aprendizaxe dun oficio valorado socialmente e non precario.

5.4 O traballo despois do encarceramento

As carencias da formación e do traballo produtivo en prisión reflíctense no momento en que as mulleres presas acceden ao terceiro grao e poden comezar o contacto co mundo exterior.

No *Proxecto MIP*ponse de manifesto a complexidade da volta das mulleres á sociedade por causa de distintos factores persoais, estruturais e sociais. A prioridade neste momento radica en acceder ao mercado laboral, á vivenda, así como en retomar os lazos persoais coa familia e amizades.

A preparación para a saída de prisión consiste nas actividades orientadas á reinserción, baseadas nas necesidades individuais das mulleres presas e que debe comezarse no mesmo momento de ingreso en prisión. En outros estados de Europa esta preparación lévase a cabo a través de “plans de condena” que poucas veces son levados a cabo verdadeiramente. No Estado español a preparación para á saída en prisión consiste no traslado ao terceiro grao de tratamento penitenciario, que se rexe polos mesmos principios que os plans de condena: estudo científico da personalidade, aptitudes e

⁹⁰ ALMEDA, Elisabet (2002), *op. cit.*

actitudes da muller presa, análise e seguimento individualizado, continuo e dinámico (artigo 62 da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria).

Ao igual que os plans de condena o terceiro grao ten un éxito moi limitado. No informe nacional do *Proxecto MIP* destácase a falta de continuidade entre a formación e a educación no segundo e terceiro grao e, a súa vez, a falta de seguimento entre o terceiro grao e a liberdade. Montero Pérez de Tudela⁹¹ nun estudo recente sobre a reinserción social sinala que precisamente esta ausencia de asistencia post-penitenciaria supón un auténtico obstáculo para a reinserción. Explica esta autora que a reinserción non se refire a un momento concreto, senón que é un auténtico proceso no que a axuda e a asistencia as persoas excarceradas aumentaría considerablemente.

Esta asistencia provén basicamente de organizacións do terceiro sector: ONGs e outras asociacións sen ánimo de lucro. Almeda⁹² critica que estas entidades moi frecuentemente teñen carácter relixioso seguindo a tradición histórica dos cárceres femininos. Non obstante, no *Informe sobre la situación de las mujeres presas. Tratamiento y derechos de las mujeres privadas de libertad en los centros penitenciarios de España y Andalucía* faise referencia a dúas iniciativas realizadas por entidades privadas:

- Programa de Acompañamento para a Inserción Laboral (Programa SAL) de 2017 no que participaron 1.127 internos dos cales o 10,29% eran mulleres e incorporouse ao mercado laboral o 55% (non especifica que cantidade eran mulleres).
- A Asociación de Colaboradores con las mujeres Presas (ACOPE), que proporciona asistencia xudicial e acompañamento ás mulleres privadas de liberdade. Esta organización imparte obradoiros de comunicación e desenvolvemento persoal e actividades lúdicas.

O *Proxecto MIP* revela que moi poucas mulleres atoparon emprego despois da saír de prisión e no caso de acceder a el resultaba ser en traballos mal pagados, de baixa cualificación, inseguros e (outra vez) tradicionalmente femininos: limpeza, hostalaría, estética. As condicións dos empregos destas mulleres caracterízase pola temporalidade, a parcialidade ou a inexistencia de contrato. Estas circunstancias soamente reforzan máis a posición vulnerable das mulleres libertas.

⁹¹ MONTERO PÉREZ DE TUDELA, Esther (2019), "La reeducación y la reinserción social en prisión: el tratamiento en el medio penitenciario español", *Resed. Revista de Estudios Socioeducativos*, núm. 7, páxs. 227 - 249.

⁹² ALMEDA, Elisabet (2002), *op. cit.*

Outro obstáculo marcado polo xénero que se interpón acceso ao mercado laboral son as obrigacións familiares que estas mulleres soportan mentres buscan ou desempeñan un traballo. Ademais moitas das ex-reclusas son o principal sustento económico dunha familia monoparental.

Os antecedentes penais e a estigmatización tamén provocan dificultades á hora de atopar traballo. Larrauri e Jacobs⁹³ destacan a tensión entre o interese en que unha persoa que cumpriu condena poda reintegrarse na sociedade e o interese dos empresarios en non contratar a persoas pouco fiables ou perigosas. Non obstante, insisten en que os antecedentes penais non predín unha futura conduta delituosa.

A propósito do estigma, as mulleres entrevistadas no Proxecto MIP confesaron non revelar a súa condición de excarceradas aos empresarios. Este pode ser un síntoma de como o estigma altera a percepción das mulleres sobre si mesmas.

No caso de que non consigan traballo, as mulleres excarceradas sortearán obstáculos tamén para obter unha prestación do Sistema de Seguridade Social. Díximos anteriormente que a cidadanía defínese en gran parte polo acceso ao emprego e que a prestación por desemprego constitúese como un dos principais beneficios sociais ofrecidos polo Estado de benestar. Pois ben, as mulleres excarceradas so adquirirán a condición de beneficiarias da prestación por desemprego na súa modalidade contributiva se teñen un período mínimo de un ano cotizado. De non ser así poderán acceder á prestación por desemprego do nivel asistencial, cuxo importe é ínfimo (463, 22€ mensuais). Outra prestación do nivel asistencial á que poden acceder é a prestación por excarceración, co mesmo importe que a anterior.

Estas dificultades para acceder ás prestacións so marxina mais ás mulleres que acaban de cumprir cunha pena privativa de liberdade.

Unha vez valoradas estas circunstancias que limitan a reinserción social das mulleres gustaríanos volver sobre a reflexión de Miguel Calvo⁹⁴, quen afirma que o cárcere exclúe principalmente a colectivos que xa posuían algunha característica de exclusión e que o encarceramento repercute de maneira máis grave nestes colectivos. De maneira que o cárcere excluírá socialmente ás mulleres que non o estaban antes e excluírá aínda máis ás que si sufrían exclusión.

⁹³ LARRAURI, Elena e JACOBS, James B. (2011), "Reinserción laboral y antecedentes penales", *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, núm 9, páxs. 1 - 25.

⁹⁴ DE MIGUEL CALVO, Estibaliz (2014), *op. cit.*

6 Conclusións

Elaborando este traballo puiden profundar na situación que viven as persoas presas dende unha perspectiva de xénero. Con esta ferramenta puiden comprobar como as circunstancias que rodean a criminalidade feminina están marcadas pola discriminación por razón de xénero.

En primeiro lugar, non deixa de sorprendeme (aínda que é un fenómeno máis que sinalado), como os estudos sobre calquera ámbito, pero neste caso sobre o ámbito penitenciario, ignoran a situación das mulleres. Sobre todo tendo en conta que en épocas como o Antigo Réxime, a Segunda República ou o Franquismo os cárceres sufrían unha superpoboación de mulleres.

Evidentemente, grazas a influencia do movemento feminista na actualidade, existen cada vez máis investigacións sobre o sistema penitenciario e o xénero ou o Dereito penal e o xénero, pero seguen a ser insuficientes. Tamén resultou complexo consultar datos de organismos oficiais sobre as mulleres reclusas.

Malia súa desconsideración sobre a situación das mulleres presas, estudar o traballo de Goffman sobre a vida das persoas internas nunha institución total resultou tremendamente ilustrativo. O énfase totalizador, a alienación, a mortificación do eu en todas as súas variantes, a estrita organización formal de todos os actos da vida, a perda da autonomía... Non deixan de recordarme a Bolaños e Crespo⁹⁵ cando afirman que o cárcere xa non é so un lugar para castigar, senón tamén o propio castigo.

En segundo lugar, esta invisibilización non se produce so no marco teórico. As prisións das mulleres tamén están institucionalmente marxinadas pola súa pouca relevancia no sistema penitenciario actual e isto repercute directamente nas condicións de vida das mulleres presas ao contar estes centros con menos recursos económicos, materiais e persoais. Esta situación xa intentaban revertela figuras citadas como Concepción Arenal ou Victoria Kent.

En terceiro lugar entristeceume terriblemente corroborar a sospeita de que o cárcere alberga maioritariamente mulleres en risco de exclusión social ou directamente excluídas socialmente. As características das reclusas so confirman este extremo: mulleres con traballos precarios, sen traballo, dependentes economicamente dun home; mulleres estranxeiras ou xitanas, lesbianas, trans ou vítimas de violencia de xénero. Estas circunstancias non son ás únicas que causan unha situación desigual para as mulleres: o control, a disciplina, a vixilancia exercida pola institución é moi dura nas

⁹⁵ BOLAÑOS G., Mireya e CRESPO P., Freddy A. (2009), *op. cit.*

prisións femininas, dado que os funcionarios perciben calquera mostra de desobediencia como unha dobre infracción: das normas da institución e do rol de muller pacífica e submisa⁹⁶. A cuestión do control nas prisións femininas, así como a súa saúde física e mental ou a violencia que sofren no cárcere, non foron tratadas neste traballo por cuestións de extensión, pero son elementos que afectan á realidade das mulleres presas igualmente.

Por último, o traballo no cárcere tamén é unha fonte de discriminación para as mulleres. Así, comprobamos que os obradoiros produtivos e a formación profesional están atravesados por un forte prexuízo de xénero, no sentido de que as actividades e a educación ofrecida está marcadamente feminizada. Ademais, os estudos revelan como estas actividades non proporcionan habilidades reais ás reclusas para poderen adaptarse ao mercado laboral cando alcancen a liberdade. Deste modo, volverán a traballos caracterizados pola temporalidade, a parcialidade, a inseguridade laboral ou á economía somerxida.

Estes datos pouco esperanzadores sobre a reinserción social ou laboral confróntanse co principio reitor da Lei Orgánica Xeral Penitenciaria ou do propio artigo 25.2 do texto constitucional, segundo os cales, as penas privativas de liberdade teñen a finalidade de reeducación ou reinserción. Recordan máis ben á tan mencionada por Almeda⁹⁷ intención de redomar ás mulleres que cometeran un delito e que por tanto saíronse das expectativas sociais, recollendo o énfase moralizante que caracteriza aos cárceres españois ao longo da historia.

⁹⁶ ALMEDA, Elisabet (2002), *op. cit.*

⁹⁷ ALMEDA Elisabet (2002), *op. cit.* e (2003), *op. cit.*

7 Bibliografía

- ACALE SÁNCHEZ, María (2017), “El género como factor condicionante de la victimización y de la criminalidad femenina”, *Papers. Revista de Sociología*, vol. 102, núm. 2, páxs. 1 - 30.
- ALMEDA, Elisabet (2002), *Corregir y castigar. El ayer y hoy de las cárceles de mujeres*, Edicions Bellaterra, Barcelona.
- ALMEDA, Elisabet (2005). “Pasado y presente de las cárceles femeninas en España”, *Sociológica*, vol. 6, páxs. 75 – 106.
- ALMEDA SAMARANCH, Elisabet e BALLESTEROS PENA, Ana (2015), “Políticas de igualdad en las cárceles del siglo XXI. Avances, retrocesos y retos en la práctica del encarcelamiento femenino”, *Praxis sociológica*, núm 19, páxs. 161 – 186.
- Área de Cárceles de la APDHA (2020), *Informe sobre la situación de las mujeres presas. Tratamiento y derechos de las mujeres privadas de libertad en los centros penitenciarios de España y Andalucía*.
- BALAGUER CALLEJÓN, María Luisa (2009), “Victoria Kent. Vida y obra”, *Corts: Anuario de derecho parlamentario*, núm. 21, páxs. 17 – 34.
- BALLESTEROS PENA, Ana (2017), “Redomesticidad y encarcelamiento femenino en el sistema penitenciario español. Los Módulos de Respeto”, *Papers. Revista de Sociología*, vol. 102, núm. 2, páxs. 261 – 285.
- BARBEITO, Isabel (Ed.) (1991), *Cárceles y mujeres en el siglo XVII*, Editorial Castalia, Madrid.
- BARUKEL, Guillermina (2018). “Vías de retorno. Exploraciones sociológicas sobre los efectos del encarcelamiento en la vida en libertad y el reingreso en prisión”, *Delito y sociedad* 45, páxs. 91 – 116.
- BOLAÑOS G., Mireya e CRESPO P., Freddy A. (2009). “Código del preso: acerca de los efectos de la subcultura del prisionero”, *Capítulo Criminológico*, vol. 37, nº2, páxs. 53 – 75.
- CERCÓS I RAICHS, Raquel (2009), “Las influencias krausistas en el pensamiento de Concepción Arenal y Victoria Kent: la lucha por la reforma de las prisiones femeninas”, en *El largo camino hacia una educación inclusiva: la educación especial y social del siglo XIX a nuestros días: XV Coloquio de Historia de la Educación, Pamplona-Iruñea*, 29, 30 de junio y 1 de julio de 2009. Universidad Pública de Navarra, páxs. 57 – 68.

- CEREZO DOMÍNGUEZ, Ana Isabel e GARCÍA ESPAÑA, Elisa (Coords.), *La prisión en España. Una perspectiva criminológica*, Editorial Comares, Granada.
- COLANZI, Irma (2018), “Los lazos sexo-afectivos: modos de ejercicio de cuidado en mujeres privadas de libertad”, *Derecho y Ciencias Sociales*, núm. 18, páxs. 121 -137.
- CRUELLS, Marta e IGAREDA, Noelia (Eds.) (2005), *Mujeres, Integración y Prisión*, Aurea Editores, Barcelona.
- CRUELLS, Marta; CRUELLS, Eva; IGAREDA Noelia; TORRENS, Miriam (2004), *Mujeres Integración y Prisión. Un análisis de los procesos de integración sociolaboral de las mujeres presas en Europa*.
- CUEVAS, TOMASA (2005), *Presas. Mujeres en las cárceles franquistas*, Icaria Antrazyt, Barcelona.
- DÍEZ GARCÍA, Rubén (2010), “Prisión y reinserción social: identificación de actores, escenarios y estructuras de interacción”. IX Congreso ...”, *Red Cauce*, Madrid.
- FALCON, Lidia (1977), *En el infierno. Ser mujer en las cárceles de España*, Ediciones de Feminismo, Barcelona.
- FOUCAULT, Michael (2005). *Vigilar y castigar. Nacimiento de la prisión*, Siglo XXI, Madrid.
- GARCÍA RUIDÍAZ, Carmen (2008), “Notas sobre Concepción Arenal”, Revista electrónica del Departamento de Derecho de la Universidad de La Rioja, REDUR, núm 6, páxs. 57 – 67.
- GOFFMAN, Erving (2007). *Internados*, Amorrortu, Buneos Aires.
- JUANATEY DORADO, Carmen (2018), “Delincuencia y población penitenciaria femeninas: situación actual de las mujeres en prisión en España”, *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, núm. 20 - 10, páxs. 1 - 32.
- LARRAURI, Elena e JACOBS, James B. (2011), “Reinserción laboral y antecedentes penales”, *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología*, núm 9, páxs. 1 - 25.
- de MIGUEL CALVO, Estibaliz (2014), “Encarcelamiento de mujeres. El castigo penitenciario de la exclusión social y la desigualdad de género”, *Zerbitzuan: Gizarte zerbitzuetarako aldizkaria= Revista de servicios sociales*, núm. 56, páxs. 75 – 86

- MONTERO PÉREZ de TUDELA, Esther (2019), “La reeducación y la reinserción social en prisión: el tratamiento en el medio penitenciario español”, *Resed. Revista de Estudios Socioeducativos*, núm. 7, páxs. 227 - 249.
- NAREDO MOLEDO, María (2004), *¿Qué nos enseñan las reclusas?. La criminalización de la pobreza desde la situación de reclusas extranjeras y gitanas*.
- SÁNCHEZ DE RIBERA, Olga e TRAJTENBERG, Nicolás (2019). “Violencia en instituciones penitenciarias. Definición, medición y explicación del fenómeno”, *Revista de Ciencias Sociales*, vol. 32, núm. 45, pp. 147 – 147.
- URRA GRIMAL, David (2017), “TRANSgresión entre rejas: Factores de vulnerabilidad en el sistema penitenciario de Barcelona”, *Athenea Digital*, núm. 17, páxs. 175 - 200.
- VALDERRAMA BARES, Pedro (2012). “La micropolítica de la función reeducadora en prisión”, *Revista de Educación*, 360, pp 69 – 90.
- VERA ECHEVERRI, Jaime Alberto (2010). “La prisionalización, sus efectos psicológicos y su evaluación”, *Pensando Psicología, Revista de la Facultad de Psicología Universidad Cooperativa de Colombia*, vol. 6, núm. 11, páxs. 157 – 166.
- YAGÜE OLMOS, Concepción (2007). *Madres en prisión. Historia de las Cárceles de Mujeres a través de su vertiente maternal*, Editorial Comares, Granada.